



CTVG

CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA

Plan Xeral de Actuación **Corporación Radio e Televisión** **de Galicia**

ACTUACIÓN 2022-2023

DIRECCIÓN XERAL

Índice

0. FUNDAMENTO, SENTIDO, VALOR E CONTIDO	01
0.1 O momento e tempo do Plan Xeral de Actuación; a súa natureza estratéxica	01
0.2. O contexto en que opera a Corporación RTVG	02
0.2.1 O entorno sociolóxico e de mercado en que concorren os operadores públicos de radio e televisión	02
0.2.2 O significado, impacto e retorno social da actividade da Corporación ...	05
0.2.3 A realidade organizativa, funcional e empresarial da Corporación á conclusión do PXAC vixente	09
0.3. O horizonte de necesidades, intencións e finalidades do PXAC	12
0.4 A función do Plan Xeral de Actuación como instrumento de planificación; contido e estrutura	14
I. O PXAC 2022-2023 NAS SÚAS MEDIDAS SEGUNDO LIÑAS, DIMENSIÓN E ATRIBUCIÓN DESTAS POR ÁREAS FUNCIONAIS NA ESTRUCTURA DA CORPORACIÓN	17
I.0. Oficina do/a Director/a Xeral	17
I.1. Área de Xestión Corporativa	29
I.2. Área de Información e Documentación	42
I.3. Área de Contidos	47
I.4. Área de Soporte Tecnolóxico e Medios.	55
I.5. Área de Innovación e Negocio	62
II. RESUMO DE DIMENSIÓN, LIÑAS E MEDIDAS POR ÁREAS FUNCIONAIS NA ESTRUCTURA DA CORPORACIÓN	69
II.0. Na Oficina do/a Director/a Xeral	69
II.1. Na Área de Xestión Corporativa	70
II.2. Na Área de Información e Documentación	71
II.3. Na Área de Contidos	71
II.4 Na Área de Soporte Tecnolóxico e Medios.	72
II.5. Na Área de Innovación e Negocio	73

0. FUNDAMENTO, SENTIDO, VALOR E CONTIDO.

0.1. O momento e tempo do Plan Xeral de Actuación; a súa natureza estratéxica.

Neste Documento a Corporación Radio e Televisión de Galicia, en diante Corporación RTVG ou a Corporación, define por terceira vez de xeito expreso as liñas estratéxicas da súa actuación. Os anteriores cubriron os períodos 2017-2019 e 2020.

O Plan Xeral de Actuación da Corporación, en diante PXAC ou o Plan, é un instrumento para plasmar, agora nun horizonte a dous anos: 2022 e 2023, a intencionalidade estratéxica dunha acción de goberno e xestión corporativas que supoñen a execución operativa das previsións da “Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia”, aludida no sucesivo como Lei 9/2011, en particular segundo o disposto no seu art. 19.1.I. Ademais a lei prevé a existencia dun Mandato Marco no que o Parlamento de Galicia reflicte os termos e criterios que definen, por un período de nove anos, as liñas básicas para a prestación do servizo que lle cómpre á Corporación RTVG. Deste xeito, ese instrumento contén as indicacións suficientes como para informar a estratexia da Corporación. En particular, o primeiro Mandato Marco aprobouse a finais de 2015, e entrou en vigor a partir da súa publicación no DOG o martes 29 de decembro dese ano estando así vixente na actualidade e cubrindo o bienio de duración do Plan.

Polo tanto, tomado nesa perspectiva dunha secuencia temporal ampla, este PXAC atende a dar continuidade e precisar a orientación da acción de goberno e xestión corporativas que guiou os dous anteriores.

En calquera caso, para establecer nel as liñas de acción para a Corporación RTVG é obrigado facer unha lectura desde unha dobre perspectiva:

- A das actuacións que debe desenvolver en resposta de adaptación e anticipación aos desafíos do medio en que actúa en función da súa misión.
- A das implicacións internas desa adaptación e anticipación, para logo sintetizalas e articulalas de xeito que configuren un dispositivo ben definido coa finalidade de establecer a asignación de responsabilidades

dentro da organización e permitir unha valoración significativa do grao de avance nelas.

A Corporación é un operador público de difusión de contidos audiovisuais que, mediante tecnoloxías de comunicación, desenvolve a súa actividade como instrumento dun servizo público de acordo cunha serie de criterios fixados na citada Lei 9/2011. Como tal, o seu gran imperativo estratéxico é a adaptación ás circunstancias do mercado en que concorre. Este Plan deberá, pois, comezar por determinar esas circunstancias e a súa realidade nelas, xa que nesa adaptación da Corporación RTVG xógase a súa capacidade de desenvolver a misión que constitúe a súa razón de ser, porque dela dependerá o significado económico, cultural e social que atinxa para Galicia como colectividade, o mesmo que a súa viabilidade económica e, por extensión, sustentabilidade. Por iso, a recapitulación da situación alcanzada á conclusión do PXAC vixente permite unha lectura da realidade á que este Plan para o período de 2022-2023 debe responder.

É así que este PXAC ten como referencia unha definición precisa dos elementos de contexto, externo e interno en que se dá.

0.2. O contexto en que opera a Corporación RTVG.

0.2.1. O entorno sociolóxico e de mercado en que concorren os operadores públicos de radio e televisión.

As circunstancias xerais de contexto de mercado da a actividade da Corporación RTVG e, por tanto, os seus imperativos de adaptación ao mercado, son en xeral as que atinxen aos operadores audiovisuais de titularidade pública nas sociedades desenvolvidas. Artículanse estas en perspectivas de acción estreitamente ligadas entre si e que se resumen na necesidade de estar á altura da competencia que supoñen dos medios privados, o que esixe unha xestión en clave empresarial concorrente coa daqueles en canto prestacións tecnolóxicas, combinación de medios e canles de carácter xeral e temática etc., conxugada co desenvolvemento dunha oferta característica de contidos que sexa coherente coa misión de servizo público, e así:

Nese imperativo, unha constante actualización tecnolóxica en canto:

- Consideración da Rede, nomeadamente da banda larga, como canle principal de transmisión.

- Capacidade igualmente de recepción dos contidos polos distintos dispositivos de recepción dispoñibles no mercado, sendo especialmente relevante adaptarse á introdución da tecnoloxía 5G.
- O incremento da resolución das imaxes servidas ata os óptimos tecnolóxicos actuais.
- O incremento, así mesmo, de posibilidades de interacción co público, singularizada para espazos concretos e globalmente como operador, de orde xeral e mediante redes sociais.
- A formalización dunha oferta articulada combinando canles programadas e contidos por catálogo, accesibles para consumo convencional simultáneo a emisión ou diferido, neste caso en liña e previa descarga.
- Igualmente, desde o punto de vista da oferta e a súa relación co servizo público, unha política de contidos:
 - Que singularice a oferta propia distinguíndoa da das grandes plataformas privadas transnacionais.
 - Que, sedimentando a audiencia nos segmentos de poboación fieis, capte e consolide outros con intereses específicos ampliando a penetración social dos produtos da Corporación noutros grupos sociais.
 - Que privilexie a elección de contidos a vontade en canto momento e medio de recepción, así como a inter-actividade.
 - Que teña en conta a realidade e significado da democratización da súa produción, tendo presente a crecente concorrencia de formatos fragmentarios e a súa circulación gratuíta.
 - Que constitúa a vangarda da presenza da lingua e a cultura de Galicia, coas implicacións económicas e sociais que iso supón, no espazo dixital, tendo presente o valor estratéxico das actividades de xeración de contidos.

Esta perspectiva, con todo, non estaría completa, se non se referisen dúas liñas de evidencias que, plasmadas na conxuntura de concorrencia en 2021, expresan tendencias de fondo que afectan á provisión do servizo:

- Estanse a producir novas mudanzas, que é moi probable que se consoliden, nas pautas de consumo da televisión de Galicia: un incremento do público feminino en detrimento do masculino; a redución do consumo do público de 13 a 64 anos; o aumento da audiencia no ámbito

rural e nas cidades fronte á súa redución nas vilas, e mais un cambio de hábitos horarios, aumentando o consumo na tarde e reducíndose na noite. Estes cambios danse simultaneamente á aparición e consolidación de novos operadores no sector, nomeadamente as OTT. Esta contorna proxecta un efecto de tendencia, que para Galicia se cifra nun 7,5 % menos de espectadores que consumen televisión convencional. Con todo, a Corporación RTVG mantén unha fortaleza comparativa e está comprometida nunha resposta mellorando os seus servizos á audiencia. A mellora implica a todo o dispositivo de emisión e de produción, supoñendo a incorporación de novos programas á grella, a mellora na produción e na visualización dos contidos informativos e unha insistencia na aposta pola emisión a través das canles dixitais.

- A situación do mercado publicitario español de televisión tamén quedou afectado pola situación derivada do impacto da Covid-19, cunha caída no ano 2020 do 18,4%. Sen embargo, no ano 2020 a comercialización publicitaria da Corporación RTVG obtivo un crecemento do 3,87% con respecto ao ano 2019. Esta tendencia alcista da Corporación mantívose tamén no ano 2021, ano no que se produciu un incremento acumulado de xaneiro a setembro do 10% sobre o facturado no mesmo período do ano 2020. Isto supón insistir na detención da contracción continuada ao longo dos últimos anos, o que foi posible mediante un plan comercial de continxencia. Este atendeu a un incremento dos ingresos por esa vía baseándose nun novo modelo de oferta comercial singularizando os produtos para os anunciantes, creando máis ventás publicitarias tanto na radio coma na televisión, ampliando a carteira de clientes medianos como alternativa á dependencia dos grandes clientes e desenvolvendo unha oferta renovada de contidos especiais aos novos subscritores. Este plan, combinado coa nova estratexia conxunta de comercialización de FORTA, fai previsible que 2022 se inicie unha inflexión de tendencia respecto do descrito.

En calquera caso, resulta evidente que ese contexto que vén de resumirse esixe unha resposta en adaptación por parte da Corporación RTVG en continuidade estratéxica co conxunto de perspectivas de actuación que se recollían no PXAC 2017-2019 e no PXAC 2020.

0.2.2. O significado, impacto e retorno social da actividade da Corporación.

Na encrucillada entre o contexto externo e a proxección nel da propia realidade da organización sitúase a necesaria referencia ao impacto e significado social da Corporación como axente da vida colectiva de Galicia no plano institucional, cultural e económico. Alén do que resulta obvio nesas dimensións en canto ao papel de referencia na construción colectiva do país, cabe salientar algúns datos e realidades concretas que sintetizan ben como a Corporación dá resposta á súa razón de ser e se pon en tensión evolutiva para mellorar o servizo público que presta.

- Así, en termos de alcance, audiencia e retorno social...
 - A TVG captou de media ata setembro de 2021 o 9,9% de cota de pantalla de televisión en Galicia, catro décimas por riba do tempo equivalente no ano 2020.
 - No período de xaneiro a setembro 2021, tamén por termo medio, á volta de 697.000 persoas consumiron diariamente contidos a través da TVG.
 - Ao tempo, igualmente en media diaria para 2021, 206.000 persoas escoitaron todos os días a Radio Galega, Radio Galega Música e Son Galicia Radio.
 - Doutro lado, en canto contidos dispostos na Rede no período entre xaneiro e setembro de 2021, foron 25 millóns as páxinas vistas nas canles dixitais da Corporación, mentres que 290.000 persoas seguiron a diario os seus medios e programas nas redes sociais.
 - O conxunto de medios convencionais, radio e televisión, da Corporación emitiu cada día 11 horas de información de actualidade.
 - E tamén cada día, TVG e TVG2, por xunto, emitiron unhas 35 horas de contidos de entretemento.
 - Neste sentido cómpre sinalar que en 2021, novamente de xaneiro a setembro, as canles de televisión da Corporación RTVG tiveron como cota de audiencia media diaria o 9,9% en Galicia. Ademais, no 2021, a Radio Galega logrou o seu maior éxito de audiencia, superando os 200.000 espectadores diarios, e durante este mesmo ano as plataformas dixitais incrementaron a súa audiencia en máis dun 15%

- Eses datos son indisociables do significado que, como organismo activo da cultura do noso país, alcanza na súa condición emblemática de institución e empresa que aglomera un conxunto de medios de comunicación cunha única personalidade compartida. Porque...
 - En perspectiva lingüística e sociolingüística a TVG e a Radio Galega son os únicos medios de comunicación audiovisual que emiten as 24 horas, de xeito exclusivo e continuado, en galego.
 - A Corporación RTVG é fundadora da Federación de Organismos ou Entidades de Radio e Televisión Autonómicas, FORTA, no Estado e unha referencia de primeira orde nese contexto.
 - Igualmente, na vocación e raíz europea da nosa cultura colectiva, a Corporación RTVG ostenta a Secretaría Xeral da CIRCUM, a Asociación Europea de Televisións Rexionais. Asemade é membro do comité de dirección de Celtic Media, un grupo de empresas públicas de telecomunicación audiovisual dos países célticos.
 - Ademais, na nosa apertura ao mundo, a Corporación, cos seus produtos e contidos, está presente na oferta de cabo en 10 países americanos e recíbese por satélite en América e Europa.
 - Por iso, a TVG participou activamente na creación de produtos de éxito nas principais plataformas OTT do mundo, coma “O sabor das margaridas” en Netflix ou “3 camiños” en Amazon Prime Vídeo.
- Proxecta así a Corporación na actividade dos seus medios non só a faceta máis recoñecida da nosa personalidade, cultura e historia, senón que subliña a difusión das actividades con significado estratéxico no noso país en canto reflexo da vontade colectiva por concorrer no espazo global como unha sociedade avanzada.

Nese sentido en 2021 foron máis de 5.500 as informacións emitidas sobre sectores comprendidos na RIS3 de Galicia —Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia, que establece as prioridades de investimento en I+D+i da Xunta —: saúde, benestar e vida; alimentación, agricultura e pesca, biotecnoloxía; enerxía e medio ambiente; loxística; turismo; industrias culturais e creativas; TIC, e nano tecnoloxía e tecnoloxías de produción.

- E é que a mesma Corporación, como empresa pública de titularidade autonómica, está comprometida de seu na transformación dixital do noso país e da nosa sociedade.
 - De feito, a Corporación RTVG avanza de xeito decidido na súa transformación dixital en catro etapas a cubrir nun avance progresivo: transformación cultural, transformación organizativa, transformación profesional e transformación tecnolóxica. Os avances da propia organización en materia de integración de medios e dixitalización funcional que logo se subliñan modifican arestora con carácter cualitativo a personalidade e capacidade da propia Corporación respecto da súa situación antes do primeiro PXAC.
 - En concreto vén traballando nos catro vectores que a Estratexia dixital de Galicia 2030 determina que debe ter unha empresa pública: igualdade dixital, foco nas persoas, impulso dun ecosistema dixital forte e liderado dixital.
 - Nesa clave ten emprendido un programa de innovación aberta entre o seu persoal na medida que nel radica o talento que é o seu motor como empresa.
 - Como condición do anterior, arestora a Corporación é unha empresa saneada, sen débeda financeira e que cumpre co seu compromiso e misión de servizo público.
 - Dá conta disto a mesma política de investimentos da Corporación. Cinguíndose a dous datos para 2020 pode destacarse que:
 - Destinou máis de 41 millóns de euros ao desenvolvemento de produtos e aplicacións, que permiten a emisión en todas as canles da CRTVG.
 - O anterior implica que, do seu orzamento nese exercicio, o 37% dedicouse directamente ao investimento en produtos e ferramentas elaborados maioritariamente en Galicia.
 - Desde aí a Corporación exerce unha tracción decisiva como motor do sector audiovisual galego, na medida que está comprometida á elaboración da maioría dos seus contidos en Galicia; un compromiso acreditado por:

- Uns investimentos en 2020 por valor de 34,9 millóns de euros en contidos audiovisuais galegos e europeos.
 - Un total de 14.000 horas de emisión nese ano de produtos audiovisuais feitos en Galicia. A maiores proveuse a emisión das canles Galicia TV Europa e América.
 - A súa condición de primeira televisión española en investimento en obra audiovisual europea.
 - Unha tracción que se proxecta, nunha perspectiva complementaria, sobre o sector TIC e que se reflicte:
 - Nun volume de investimento tecnolóxico no bienio 2021-2022 que se cifra en 2,3 millóns de euros, e unha dotación de 2,5 millóns para plataformas de emisión en canles dixitais.
 - No feito de se converterse no ano 2021 na primeira canle de orientación xeral no Estado que emite sen interrupción 24 horas a través da plataforma Youtube.
 - No seu avance para adherirse a moi curto prazo ao Nodo 5G, o que significaría ser o primeiro operador de televisión vinculado, o que vai permitir eventualmente a emisión dese medio en Galicia con esa nova tecnoloxía 5G, con todas as virtualidades que iso abre.
 - Desenvolve así a Corporación de xeito directo e en propia iniciativa un esforzo de innovación na esfera tecnolóxica que se concreta en xeitos novos e competitivos de prestar a misión de servizo público que ten encomendada:
 - Como Dico Mindset, que impulsa xuntamente con Amtega, e constitúe un proxecto de innovación de alcance estratéxico: crear unha ferramenta que transforme a experiencia formativa da mocidade galega en soportes dixitais.
- Como a creadora da maior base de datos de consumo audiovisual en Galicia, a través do agregador de datos —Data Lake— da CRTVG, que permite a todos os actores dos sectores TIC e audiovisual entender mellor o noso público e, polo tanto, mellorar os contidos audiovisuais que se emiten en calquera das canles públicas galegas.
- Ademais, con especial intensidade neste momento inicial do Plan, a Corporación está en proceso de implantación do Proxecto G24, sustentado nunha plataforma de xestión de contidos

—CMS— capaz de satisfacer as necesidades informativas da cidadanía, ofrecendo contidos informativos multimedia en actualización continua.

- Doutro lado, durante o tempo da súa vixencia está programada a implantación dunha plataforma OTT innovadora que dea resposta ás necesidades da audiencia para atinxir a súa fidelidade, que se conxugue co aumento de cobertura e de negocio dentro do novo modelo de xestión dixital da Corporación RTVG.
- A CRTVG é a creadora da primeira plataforma pública de Podcast en Galicia e en galego, que permite difundir os contidos da Radio Galega en formato baixo demanda, así como a emisión de contidos sonoros nativos dixitais.

No contexto en que a Corporación actúa como operador público estes son, certo que resumidos, os seus froitos máis tanxibles e os seus horizontes de proxección máis inmediatos, de xeito que este PXAC debe consideralos como referencia xuntamente coa realidade estrutural e dinámica da propia organización para trazar e ordenar o impulso que a faga avanzar con éxito.

0.2.3. A realidade organizativa, funcional e empresarial da Corporación á conclusión do PXAC vixente.

Descrito o escenario en que a Corporación RTVG comparece e caracterizados os termos máis destacados en que o fai, é obrigado completar a visión da situación da que parte e á que responde este PXAC 2022-2023 cunha sumaria análise da organización na súa realidade interna. Neste sentido o balance do Plan precedente constitúe un resumo axeitado, pois non dá conta só dunha circunstancia determinada, senón que traza unha evolución real acontecida que se proxecta en clave dinámica.

Ese resumo é o que segue:

Para as liñas de actuación sobre as dimensións de soporte de xestión e medios humanos, isto:

- No ámbito Económico-Administrativo e de Xestión pretendíase o perfeccionamento da administración e a mellora da eficiencia; a mellora dos procedementos e mecanismos de seguimento en perspectiva es-

tratéxica. O saldo neste eido é positivo, ao punto que este novo PXAC atende a mellorar a rendibilidade operativa dos logros alcanzados no anterior. En todo caso o saneamento económico financeiro é xa un dato característico consolidado.

- No ámbito Xurídico, téndose avanzado nas garantías e controis en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa, establecendo unha unidade de supervisión do modelo de prevención de delitos implantado, integrouse a perspectiva xurídica como un elemento máis da exercida con relación á xestión dos recursos humanos.
- Precisamente no ámbito dos Recursos Humanos as Liñas e Medidas relativas á xestión do cadro de persoal deron como froito a disposición dun sistema integrado de información, incorporando organicamente e completando varios subsistemas previos, cunha mellora substancial no rendemento da xestión operativa dos recursos humanos. Ao tempo verificáronse tres actualizacións do cadro durante a vixencia do PXAC 2017-2019 e unha no ano 2020, obtendo as correspondentes autorizacións das Direccións Xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública, sentando así as bases da dinámica de actualización continua que se pretende establecer como unha das prácticas de xestión neste novo Plan na procura dunha constante adaptación produtiva a prol dun incremento da eficiencia. De feito rexistráronse así mesmo os avances pretendidos na mudanza da organización produtiva para facer posible a dixitalización funcional da xeración e xestión de contidos. Asemade, o Plan de Formación Dixital 2017-19 supuxo, ao fío da necesidade de dar soporte ao proceso de dixitalización, ampliar a extensión da participación e o grao de innovación dos contidos respecto dos plans formativos precedentes, establecendo igualmente unha experiencia de referencia sobre o valor da formación como dinamismo de xestión do cadro e xerador dunha nova cultura corporativa.

En todo caso, deben subliñarse dúas perspectivas de acción nas que se insistiu no último ano:

- Avanzouse mediante as reorganizacións do cadro, e en sintonía coas tendencias de vangarda na xestión de persoal, a deslindar a das relacións laborais da referida á xestión estratéxica do capital humano, das persoas.

- Implantáronse uns criterios explícitos para esta aliñados en sintonía con criterios de seguridade xurídica e de evolución en adaptación ás necesidades produtivas.

A respecto das liñas de actuación sobre as dimensións de servizo público, estas consideráronse e avaliáronse así:

- No ámbito do Soporte Tecnolóxico: completouse a execución do programa de aplicación funcional da dixitalización dando como resultado a dispoñibilidade dunha redacción dixital con capacidade para a produción e xestión de contidos informativos, mellorando a presenza e capacidade para inter-actuar en redes sociais. Ao tempo, ese programa significou renovar, incrementando a súa eficiencia, os procedementos operacionais para a xeración, xestión e explotación de contidos de toda índole.
- Nunha estreita conexión con isto, no ámbito da Organización, produciuse un avance na integración produtiva dos distintos medios. De xeito resumido, a expresión máis patente foi a reorganización da Corporación en Áreas, á que se procedeu en maio de 2017, mediante unha resolución da Dirección Xeral a ese efecto.
- Nos ámbitos dos Contidos, da Programación, Difusión e Explotación destes e mais no de Servizo Público e Xeración de Sinerxía Sectorial, estreitamente relacionados en termos de xestión, as referencias que se detallaron no apartado anterior dan conta dos esforzos para potenciar os servizos informativos como núcleo da prestación e avanzar, adaptándose ás tendencias da demanda, na re-definición da composición temática e de formatos da oferta e da estratexia de marcas e medios, ampliando a repercusión sectorial da actividade.
- E, xa por último, no nivel das liñas de actuación sobre as dimensións institucionais e de responsabilidade social corporativa, no ámbito da Proxección Social, tal como estaba planificado, rexistráronse avances que ampliaron e consolidaron as relacións da Corporación co conxunto da cidadanía. Melloráronse tamén desde o punto de vista das perspectivas da promoción da igualdade e da inclusión desde o respecto á diferenza. Ao tempo, fixéronse esforzos por mellorar a transparencia, particularmente ampliando de xeito significativo, en volume e grao de detalle, a información disposta no portal corporativo na Rede.

En calquera caso, a acumulación de mudanzas en sentido histórico, impulsadas polos dous PXAC precedentes define unha Corporación RTVG ben distinta desde o punto de vista cualitativo da que comezaba en 2016 a avanzar na liña trazada pola Lei 9/2011: unha estrutura organizativa orgánica de carácter circular, e xa non piramidal, articulada en Áreas definidas por ámbitos funcionais; unha racionalización da xestión, cunha mellora da eficiencia e unha supresión de duplicidades, soportada nuns sistemas integrais de información que permiten a prospectiva estratéxica e garanten niveis exemplares de control e transparencia e, como un outro froito crucial, un saneamento financeiro e un nivel de endebedamento nulo que dotan estabilidade de e sustentabilidade aos medios públicos de comunicación de titularidade autonómica; un novo ciclo nas relacións laborais superando a conflitividade estrutural anterior, cun escenario máis dinámico de xestión estratéxica dos recursos, maior seguridade xurídica e maior calidade do emprego xerado; unha organización produtiva cunha plena dixitalización funcional en transo de concluír unha plena integración de medios e unha orientación principal ao espazo dixital; unha organización en tensión colectiva de cambio xerando unha nova cultura corporativa, unha Corporación, en fin, cunha vocación, dimensión e potencial de concorrencia empresarial renovados que lle permiten revisar e facer evolucionar o seu modelo de explotación e negocio para atender a aumentar a súa proxección e relevancia como servizo público, como axente que vertebra a cultura e a identidade do país, como motor económico.

0.3. O horizonte de necesidades, intencións e finalidades do PXAC.

Se o escenario é o que se describiu nos tres epígrafes do apartado anterior, entón, cunha natureza a un tempo de empresa e servizo público, para a Corporación RTVG segue a ser imperativa a evolución emprendida para superar o modelo de negocio tradicional dos operadores institucionais da difusión audiovisual mediante telecomunicacións e situarse de xeito competitivo no correspondente mercado en razón dos determinantes que o rexen. E isto non é só cuestión de eficiencia económica nunha perspectiva empresarial en que a eficiencia contribúe a unha racionalidade dos custes de explotación; é, principalmente, unha garantía de relevancia e notoriedade como servizo público.

Unha filosofía en clave de factoría dixital global, xeradora, colectora e axente difusor de contidos, asemade xerais e temáticos, debe trazar a evolución da Corpora-

ción como presenza, voz e actor no mercado. Unha perspectiva que interpela a súa organización produtiva e que capitaliza as fortalezas e os valores de marca, TVG, Radio Galega, acuñados na súa historia e consolidados no presente para proxectos como fundamento do futuro. Unha perspectiva axeitada ao modelo de financiamento público da Corporación consagrado na Lei 9/2011 e ao vixente Mandato Marco, na dirección que xa guiou un ciclo anterior de xestión, dá continuidade ao PXAC 2017-2019 e PXAC 2020 que incorpora liñas de traballo en proxección de continuidade para 2021 en materia de investimento tecnolóxico, formativo, reorganización e estratexia, tanto de medios como comercial.

Podería dicirse así que neste momento, a Corporación RTVG conta neses termos, de notoriedade para a sociedade á que serve, marco xurídico e de financiamento, recursos tecnolóxicos, base estrutural e organizativa, experiencia colectiva e intelixencia estratéxica con base suficiente para avanzar na transformación de fondo emprendida.

Os vectores en que é necesario deitar esas fortalezas e oportunidades son tres principalmente:

- A conservación e mellora dunha contorna de xestión eficiente, equilibrio financeiro e estabilidade orzamentaria.
- A evolución da cultura corporativa en razón dunha nova filosofía e práctica da xestión das persoas e a organización. A mudanza de procesos e procedementos produtivos a favor dunha maior eficiencia esixe unha reorganización na estrutura e na dinámica das unidades de base e intermedias que transmita a estas as consecuencias da articulación en Áreas. Nesa contorna a Corporación debe propiciar a co-responsabilidade en diálogo entre ela e o seu persoal, facéndoo, desde o capital de talento e experiencia que achega, motor do cambio emprendido, garantíndolle baixo criterios de seguridade xurídica un emprego de calidade. E a ese fin cómpre modernizar e axilizar tamén as dinámicas e prácticas en que se dan as relacións laborais.
- A constancia na innovación na estratexia de medios e comercial proseguindo no camiño emprendido.

Este Plan pretende así marcar os trazos guía para orientar e catalizar ese proceso durante os anos 2022 e 2023, acelerando a consolidación dos avances positivos, abrindo dinámicas novas que proxecten e impulsen con ambición e creatividade cara ao futuro inmediato a súa traxectoria e misión ao servizo da sociedade.

0.4. A función do Plan Xeral de Actuación como instrumento de planificación; contido e estrutura.

Sentado o carácter de referencia estratéxica en continuidade do PXAC e o contexto de desafíos e necesidades en que debe formularse este, de vixencia bianual para 2022 e 2023, cómpre concretar a súa funcionalidade desde un punto de vista operativo.

En rigor, unha ferramenta de planificación como esta debe orientarse, mediante un proceso de avaliación continua, a un proceso de adaptación, mellora e avance sostido. Segundo un expresivo tópico actual da xestión organizativa, un instrumento desta natureza debe integrar harmonicamente as accións que contribúan a unha maior eficiencia funcional e eficacia no desempeño da misión nun continuo corrixir-adaptar-mellorar-emprender, que atinxe así ao conxunto da actividade.

En perspectiva de futuro definitiva, trátase de atender nunha tensión evolutiva cara a un incremento da eficiencia eixos como regulamentación, dirección de goberno, transparencia, financiamento e innovación, como aspectos fundamentais que caracterizan os retos nos ámbitos correspondentes como chaves en última instancia da confianza que a cidadanía deposita no servizo audiovisual público.

Particularizando isto, cabe pois referirille os seguintes obxectivos operativos:

- Establecer as dimensións singulares en que se concretan as necesidades de corrección, adaptación, mellora e iniciativa, e formular en consecuencia metas e obxectivos.
- Determinar as grandes esferas temáticas a que se refiren as actuacións nestas dimensións e que configuran o seu escenario.
- Instar de xeito sintético o proceso dedutivo para atinxir os obxectivos en cada dimensión, concretalos en liñas de acción e determinar para estas o seu eventual despregue en medidas.
- Por último, realizar a asignación de responsabilidades relativas a liñas e medidas concretas a cada unha das Áreas da estrutura.

Proxectando esa xerarquía na terminoloxía que vai usar este Plan e na propia articulación do documento, a referencia principal de planificación e avaliación son, dentro das diferentes Dimensións, as Liñas de actuación e as Medidas en que se concretan. Unhas e outras teñen carácter orgánico porque remiten ás instancias en que se articula a organización da Corporación. Así, en coherencia co anterior:

- As Dimensións agrúpanse en virtude da súa natureza e contido, asignándose en consecuencia como responsabilidade ás Áreas como niveis da organización en que se ten que facer efectivo no plano executivo o seu desenvolvemento.
- As Dimensións descompóñense en Liñas de actuacións que as proxectan nos sentidos precisos para progresar nelas.
- As Liñas concrétanse á súa vez en Medidas, asignándose a estas un código de identificación. Nos máis dos casos as Medidas supoñen articular na práctica as Liñas, para poñer así en evidencia os elementos singulares de acción en que deben materializarse. Ás Liñas asígnanselles metas e obxectivos.
- Un sistema de codificación numérica codifica ordenadamente en desagregación progresiva Dimensións, Liñas e Medidas.
- Tamén no plano conceptual cabe considerar unha agregación das Dimensións nas tres grandes esferas ou vectores en que, segundo unha xerarquía de finalidades, se articula a acción da Corporación RTVG:
 - A conformada polas Dimensións de soporte de xestión e medios humanos.
 - A definida polas Dimensións de prestación efectiva dun servizo público.
 - A correspondente ás Dimensións de proxección institucional e responsabilidade social corporativa.

Xa en clave de utilidade o PXAC proxéctase, entre outros nos seguintes efectos:

- Deberá favorecer accións encamiñadas a un incremento da transparencia, formalización e publicidade do conxunto orgánico e articulado de obxectivos e liñas de acción que conforman o núcleo da actividade da Corporación nos exercicios 2022 e 2023.
- Deberá igualmente facer explícitos aqueles obxectivos como horizonte inmediato da actuación da organización ao que se dirixen os seus esforzos, permitindo o seu seguimento mediante informes de progreso e facilitando o acceso a estes.
- Así mesmo, promover, nas claves de avaliación continua e transparencia, un sistema formalizado de medición de resultados e auto-avaliación

de todas as Áreas da estrutura corporativa como práctica normalizada do incremento da súa eficiencia e do seguimento da súa xestión.

- Do mesmo xeito, facilitar o labor de supervisión do Consello de Administración e reforzar a posición da Dirección para coñecer analiticamente os resultados da xestión do conxunto da organización e de cada unha das súas Áreas, contribuindo á nova cultura corporativa.

Establecida, pois, a natureza, función contido e filosofía en que se estriba este PXAC 2022-2023, só queda antes de emprender a súa exposición advertir de que, a partir deste punto, se articula en dous capítulos. No primeiro destes, dividido en epígrafes, un para cada Área, unha serie de cadros sintéticos detallan cada Medida, desgregando así Liñas e Dimensións. O segundo, con idéntica estrutura, resume plasticamente mediante unha táboa para cada Áreas o conxunto deses niveis en que se articula a planificación.

Por último convén subliñar unha vez máis que, ao enunciar este PXAC 2022-2023 desde a Dirección Xeral da Corporación RTVG, se está a formular un horizonte de avance que, polo seu calado estratéxico, excede eses dous exercicios de vixencia proxectando alén deles, en clave de futuro, o compromiso que a Corporación contrae coa sociedade e as institucións de Galicia ao poñelo no seu coñecemento.

I. O PXAC 2022-2023 NAS SÚAS MEDIDAS SEGUNDO LIÑAS, DIMENSIÓNS E ATRIBUCIÓN DESTAS POR ÁREAS FUNCIONAIS NA ESTRUCTURA DA CORPORACIÓN.

I.0. Oficina do/a Director/a Xeral

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN					
DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO					
LIÑA 0.1.1: Consolidación da produción de contidos informativos para canles dixitais tras a posta en servizo do novo CMS					
MEDIDA 0.1.1.1: Actualizar os procedementos existentes e deseñar novos fluxos de traballo integrándoas nas rutinas da redacción de informativos.					
OBXECTIVO: Incrementar a produción e enfocar de xeito máis eficiente os esforzos produtivos. Axili- zar a publicación e actualización de contidos das canles dixitais.					
METAS:	Desenvolver a forma- ción dos/as implica- dos/as nos novos flu- xos de traballo previa á posta en servizo do novo CMS	Vixiar e implemen- tar de melloras operativas	Implantar sistema de consulta e tomas de decisións basea- das nas métricas.	Xerar informes de incidencias e de productividade. Plan de accións e actualizacións ba- seados en auditorías de procedemento e rendemento.	
<p>A posta en servizo dun novo CMS obrigará a cambiar os actuais procesos de traballo do equipo encargado de xerar con- tidos informativos para a web e outras canles dixitais. A partir dos fluxos técnicos haberá que deseñar os procesos de operación e formar aos profesionais. Esta formación require unha planificación minuciosa para que non afecte á produ- ción habitual do servizo mentres o novo CMS non está en marcha. Tras a implementación da nova operativa haberá que monitorizar e revistar as operacións e fluxos de traballo para buscar sempre o máximo rendemento e efectividade.</p> <p>En paralelo deberá estar deseñada unha aplicación para poder recoller os datos de incidencias ,productividade e ren- demento que permitan xerar informes e facer seguimento.</p> <p>A posta en servizo dun novo CMS debe garantir maior axilidade na publicación e actualización de contidos informativos en dixital .ó mesmo tempo as incidencias de caída do sistema e as actuais limitacións deberán quedar superadas.</p> <p>É clave para o desenvolvemento e evolución do departamento a utilización dos informes de métricas para axudar nas tomas de decisións. Debe existir un espírito crítico de revisión e actualización constante baseado en auditorías calendar- izadas de procedemento e rendemento que, sumados aos informes de métricas, deriven en plans de acción de actualiza- ción de fluxos e modificación e corrección de puntos febles.</p>					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎	●	◎	●	●

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN

DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO

LIÑA 0.1.1: Consolidación da produción de contidos informativos para canles dixitais tras a posta en servizo do novo CMS

MEDIDA 0.1.1.2: Formar un equipo de traballo interdisciplinar que xestione a operativa das canles dixitais

OBXECTIVO: Dar cobertura unificada ás novas necesidades e demandas das novas canles e servizos dixitais en informativos. Xestionar de xeito unificado e coordinado a operativa interna e as solicitudes de evolución e incidencias

METAS:			
	Establecer un protocolo claro e áxil de comunicación e resolución de incidencias	Consolidar novas rutinas de traballo que axuden e den resposta áxil ás novas necesidades	Xerar unha aplicación que permita facer seguimento de proxectos e incidencias.

Unha das eivas identificadas na actualidade nos servizos de canles dixitais é a carencia dun grupo de soporte técnico que traballe coordinado co equipo de redacción, que preste resposta ás necesidades e solvente as incidencias con axilidade. Deberá conformarse un grupo de traballo interdisciplinar que xestione a parte operativa e tamén a técnica dos contidos dixitais. Cobran especial importancia os perfís profesionais dos/as integrantes deste equipo xa que deben traballar técnica e operativamente dun xeito moi coordinado e eficiente. Deberase poñer en marcha unha aplicación que permita facer seguimento de incidencias.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎	●	◎	●	●

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN

DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO

LIÑA 0.1.2: Mellora da coordinación e eficiencia na execución dos proxectos inter-departamentais de transformación dixital da Corporación RTVG

MEDIDA 0.1.2.0: Elaborar un Plan de Formación en metodoloxías áxiles para os responsables de proxectos.

OBXECTIVO: Planificar e acometer de forma coherente e por prioridades os proxectos de Transformación dixital

METAS:	Conseguir equipos de proxecto cos perfís profesionais adecuados que traballen de forma máis eficiente apoiándose en metodoloxías áxiles.	Afianzar a cultura do cambio na Corporación	Actualizar a ferramenta de seguimento, análise e valoración dos distintos proxectos inter-departamentais
---------------	--	---	--

A transformación dixital da Corporación RTVG pasa por abordar numerosas tarefas en distintas áreas, para o cal será necesaria unha xestión máis profesional e áxil. Atenderase a isto coa creación de equipos de proxecto, designando un responsable e deseñando un cronograma de fitos. A aplicación de metodoloxías áxiles para a xestión de proxectos requirirá a formación do colectivo implicado. Esta medida pode actuar ao mesmo tempo como palanca do cambio na cultura de empresa creando equipos multidisciplinares asignados a proxectos concretos acotados no tempo.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	●	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN

DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO

LIÑA 0.1.3: Reorganización interna da redacción de programas para dar resposta á futura OTT

MEDIDA 0.1.3.0: Diseñar os novos fluxos de traballo, identificar e cubrir as necesidades para a operativa productiva da OTT

OBXECTIVO: Ter adecuados os recursos e fluxos de traballo para a posta en servizo da plataforma OTT da CRTVG .

METAS:	Describir o mapa de procesos que requirirá a posta en servizo da OTT	Formar e reasignar tarefas ao equipo humano nas novas operativas. Actualizar os fluxos de Producción Externa e Allea. Impulsar un portal de entrada/entrega para os provedores de Corporación RTVG	Establecer un novo modelo de coordinación con outros servizos que deberán reorganizar efectivos e tarefas para apoiar a produción para a OTT
---------------	--	--	--

A posta en marcha dun servizo OTT é un dos grandes retos aos que debe facer fronte a Corporación RTVG. Para o éxito do proxecto será fundamental describir os novos fluxos de traballo das áreas implicadas e reasignar tarefas, xa que xurdirán novas necesidades. A partir dos fluxos técnicos haberá que describir as novas operativas, documentalas e planificar a formación dos/as traballadores/as. A posta en servizo da OTT afectará de forma importante a outras unidades como documentación, soporte, medios de produción etc. Inevitablemente deberase establecer un novo modelo de coordinación operativo e técnico para dar soporte ao novo servizo.

Outra acción necesaria é a de impulsar, de xeito coordinado coa dirección de Negocio e Innovación, a extensión dos fluxos de produción externa e allea a toda a cadea que ten lugar previa á entrada en Corporación RTVG. Para a modernización dos procesos de entrega das produtoras e os posibles intercambios de materiais impulsárase a opción de valorar a implantación dun portal de entrega/entrada de materiais e que se contemple de xeito áxil, dixitalizada e mediante plataformas online, a relación B2B de Corporación RTVG coas produtoras.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎	●	●	●	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN

DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO

LIÑA 0.1.4: Creación dun documento único que compile os distintos escenarios de “Breaking News” e coberturas urxentes que permitan garantir a continuidade do servizo

MEDIDA 0.1.4.0: Revisar, actualizar, describir e testar o protocolo de “Breaking News” e as medidas que posibiliten as emisións en diversas situacións de crise.

OBXECTIVO: Garantir que as canles da Corporación RTVG poden dar servizo ante calquera incidencia interna ou externa.

METAS:	Identificar as posibles ameazas para a continuidade do servizo. Recopilar e describir procedementos	Actualizar e ensaiar os protocolos de “Breaking News” en radio, TV e canles dixitais	Comunicación a responsables. Revisión e actualización periódica do documento.
---------------	---	--	---

No eido dos Servizos Informativos ten especial relevancia a capacidade para emitir con rapidez ante unha situación de crise. Deberase elaborar un guieiro específico de procedementos e medidas e pasos a dar segundo a hora e alcance da crise. Este documento deberá ser visado polos responsables de cada área e deberán asegurarse de que é coñecido polos responsables de executalo e mantelo actualizado

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	●	●	●	●	●

● Área responsable ● Área atinxida

0. ÁREA DE GOBERNO, IMPULSO E PROXECCIÓN

DIMENSIÓN 0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO

LIÑA 0.1.5: Implantación dun sistema de análise e valoración da eficiencia dos distintos medios de produción

MEDIDA 0.1.5.0: Implementar ferramentas de análise e valoración para cada un dos departamentos implicados nos medios de produción

OBXECTIVO: Obter informes útiles que permitan analizar aspectos clave da produtividade e permitan valoracións que faciliten unha posterior mellora na eficiencia dos procesos

METAS:			
	Obtención informe periódico de Inxesta Mam e Continuidade.	Obtención da ferramenta que permita traballar cos valores de "iNews" para elaborar informes de rendemento de produto	Integración definitiva de Escaleta de Produción co Rexistro de Novas e coa aplicación de Retransmisións

Unha das vías de mellora máis claras para a solución dos distintos problemas é unha identificación, unha análise e unha valoración axeitadas das distintas incidencias. Neste contexto é realmente complicado poder facer estas valoracións sen datos claros e concretos. A implantación, por primeira vez na Corporación RTVG, de mecanismos e sistemas de valoración e análise de rendemento nos sistemas de produción é clave para axilizar unha fase da solución de incidencias que adoita ser imprecisa e longa, a identificación e valoración axeitada dos problemas e as propostas de solución.

Unhas das novas vías de datos que se obterán serán as métricas e os informes da nova escaleta de materiais (documento base para o novo fluxo de produción externa). Estes datos haberá que sumalos e cruzalos cos datos que se poden obter das ferramentas de xestión de produtividade en Inxesta MAM e Continuidade.

Unha vez probadas, implantadas e estandarizadas as ferramentas de valoración en Inxesta MAM, Continuidade e Escaleta de Materiais, e despois da integración da Escaleta de Produción coa aplicación de Rexistro de Novas e de Retransmisións, o seguinte paso debe estar encamiñado na valoración dos esforzos produtivos nas redaccións.

Procurarase evolucionar a ferramenta xa probada que permite utilizar os datos de "iNews" para poder obter informes de rendemento sobre o produto audiovisual (escaletas de programas e informativos, volume e tendencias dos formatos sinxelos, correcta cobertura dos campos, adecuación de tempos etc.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	●	●	●	●	●

● Área responsable ● Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.1: Optimización das canles de comunicación corporativa da Corporación RTVG

MEDIDA 0.2.1.1: Fomentar actuacións que promovan a comunicación interna e externa e o posicionamento da marca

OBXECTIVO: Reforzar as canles de comunicación a todos os niveis

METAS: Manter as canles de comunicación internas creadas no ano 2020 e medrar sobre esa base de forma multi-direccional

A Departamento de Proxección Social deseñará para o período 2022-2023 novas ferramentas e medidas de comunicación interna que, dependendo da dimensión, temática e a necesidade en cada caso, terán diferentes alcances e vías.

A principal novidade será a creación dun novo Plan de Comunicación apoiándose nun concurso que teña como base tanto o posicionamento da Corporación na contorna dixital para acompañar a última fase do desenvolvemento da OTT e o CMS como os primeiros intres destas accións nesta nova contorna.

A renovación da Intranet para 2022, como canle prioritaria de comunicación co cadro. Optimizar esta ferramenta cun criterio de deseño que diferencie moito máis claramente as canles de comunicación corporativa e as de Recursos Humanos. Neste eido parece prioritario o reforzo do fluxo de información comprensible entre os distintos Departamentos da Área de Xestión Corporativa, co Proxección Social para transmitir a todo o persoal unha visión máis nítida do que acontece naquela e que ten repercusión capital sobre o resto da Corporación. Será preciso posiblemente un reforzo de efectivos no Departamento de Proxección Social para desenvolver o proxecto.

Creación dunha "Newsletter": o Servizo de Comunicación Corporativa e Responsabilidade Social desenvolverá esta iniciativa, cunha frecuencia por determinar pero non inferior a un mes, sobre os temas que afectan á Corporación. Darase unha visión con formato moderno do que acontece dentro da organización, as oportunidades de participación dos/as traballadores/as, así como os fitos tecnolóxicos e informativos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎	◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.1: Optimización das canles de comunicación corporativa da Corporación RTVG

MEDIDA 0.2.1.2: Fomentar actuacións que melloren e amplíen o posicionamento estratéxico da Corporación RTVG na contorna dixital e entre os mercados profesionais

OBXECTIVO: Converter á Corporación na referencia de innovación audiovisual de Galicia

METAS:

Asociar a Corporación RTVG coa renovación dixital e a Innovación técnica e de formatos. Unha organización de vangarda que usa todas as canles ao seu alcance

O Departamento de Proxección Social liderará a convocatoria dun concurso competitivo para o posicionamento da Corporación RTVG na contorna dixital co obxectivo, entre outros, de posicionar o ente na contorna dixital (plataformas, canles) neste período 2022-2023

Os mercados-nicho xurdidos da polarización do consumo audiovisual, fortemente incrementada ao longo do 2021, os novos perfís de consumidores/as e de comunicadores/as (Apps, plataformas como Twitch) supoñen unha oportunidade para situar a Corporación RTVG en formatos e linguaxes non explorados ata agora.

As redes profesionais como LinkedIn serán claves para desenvolver unha estratexia dirixida a líderes de opinión profesionais. Nesta rede a Corporación RTVG enfocará a súa comunicación para compartir as actuacións fundamentalmente das áreas de Innovación e Soporte que non atopan fácil cabida na prensa convencional.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.1: Optimización das canles de comunicación corporativa da Corporación RTVG

MEDIDA 0.2.1.3: Facer evolucionar a estratexia de responsabilidade social corporativa asociada ao concepto de valor público

OBXECTIVO: Reforzar o concepto de valor público da Corporación RTVG

METAS:	Asociar a Corporación RTVG co concepto global de Valor Público	Alcanzar o compromiso e aliñamento dos/as traballadores/as cos obxectivos de RSC da Corporación	Integrar a idea de Valor Público no ADN de todos os departamentos
---------------	--	---	---

O concepto de “valor público” (“public value”) amplía a tradicional definición de servizo público que se ten das corporacións como a Corporación RTVG, pasando do concepto precisamente de servizo a non só dar un servizo, senón aportar valor á sociedade en máis ámbitos dos que se consideran tradicionalmente de: informar, formar, entreter. A capacidade de innovación, a capacidade tractora sobre o sector audiovisual, a capacidade de desenvolvemento tecnolóxico, os intanxibles como a vertebración do país mediante o idioma. Todos eses conceptos forman o valor público que a Corporación quere trasladar neste trienio.

A Corporación desenvolve desde 2018 un plan de RSC con catro campañas anuais, plan bautizado como #AcciónsG, baseado nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU campañas recoñecidas con galardóns do sector audiovisual galego e polo Pacto Mundial de Nacións Unidas.

Despois das campañas levadas a cabo no 2018 (galardoada como mellor práctica de comunicación da RSC nos Premios Paraugas do Cluster da Comunicación de Galicia) e as catro do ano 2019, (ano no que tamén a campaña #NonmiresXoga foi destacada como boa práctica polo Pacto Mundial), no ano 2020 a Corporación RTVG sumouse á campaña #apoyamosODS dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) de Nacións Unidas (sinalada como “Boa práctica” de comunicación en decembro). A planificación de #AcciónsG restructurouse no 2020 por mor da pandemia e as catro actividades previstas deron paso á maior campaña de comunicación da Corporación RTVG que baixo o lema #Coídemonos desenvolveu centos de accións de Proxección Social desde o punto de vista informativo, socio-laboral e emocional.

De cara ao período 2022-2023, #AcciónsG seguirá a desenvolverse no marco dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible de Nacións Unidas, que a Corporación axuda a promover en Galicia e terá xa en 2022 un maior compoñente interno de coñecemento das metas da ONU: potenciarase unha liña de traballo iniciada no 2019 cos traballadores e traballadoras, convidándoos a participar en accións solidarias e a sumarse ao impacto social destas accións, e nas que perspectiva de xénero será transversal.

Ademais, desde o Departamento de Proxección Social intensificarase a promoción da marca CRTVG tanto na sociedade galega como no interior da Corporación, así como a relación dos medios públicos co tecido social de Galicia.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.2: Intensificación dos contidos relacionados coa lingua nos medios públicos

MEDIDA 0.2.2.0: Crear e difundir contidos específicos relacionados coa lingua e a lexicografía

OBXECTIVO: Reforzar a percepción da lingua como elemento identitario de marca e exclusivo da Corporación RTVG

METAS:	Asociar a Corporación RTVG como instrumento fundamental do desenvolvemento da lingua galega na nosa comunidade	Alcanzar o compromiso e aliñamento dos traballadores cos obxectivos de RSC da Corporación	Integración da idea de Valor Público no ADN de todos os Departamentos
---------------	--	---	---

A Corporación RTVG é un elemento vertebrador de Galicia e do galego de primeira magnitude. A Corporación debe de poñer en valor este feito e seguir a ser a ferramenta chave para o desenvolvemento da lingua como foi en décadas anteriores. Para iso é preciso chegar a novos públicos que xa non consumen os medios públicos polas canles tradicionais. Nesta liña, desenvolvéronse proxectos como “Instagal”, no 2019, a colaboración semanal do coordinador dos/as asesores/as lingüistas en “Apalabradas”, sección no magazín da mañá dos sábados da Radio Galega na que se explican curiosidades lexicográficas, correccións para un bo uso da lingua ou se lembran palabras que van desaparecendo ou en desuso.

Ademais, despois do éxito de “#DígochoEu” no 2020, atenderase ao desenvolvemento de formatos de comunicación que optimicen o seu alcance, na liña dos xa plantexados en colaboración con programas institucionais como “21 días co galego e +” da Secretaría Xeral de Política Lingüística, no eido escolar, ou doutros asociados ao posicionamento da Corporación RTVG como promotora e difusora da corrección da lingua de cara á sociedade.

Tamén, afondarase nas ferramentas de corrección en galego implantadas desde 2019, que redundarán na mellora do servizo mediante dúas vías: os/as redactores/as teñen unha primeira fonte de filtrado solvente das súas novas e aos/as asesores/as lingüistas xa lles chegan peneirados os textos, de forma que poidan centrarse no seu verdadeiro cometido de asesoramento e non de corrección de textos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.3: Consolidación da presenza institucional dos medios públicos dentro e fóra de Galicia

MEDIDA 0.2.3.0: Proxectar a imaxe da Corporación RTVG e o sector audiovisual galego a través dos medios públicos

OBXECTIVO: Reforzar a lingua como elemento identitario de marca e exclusivo da CRTVG

METAS:	Impactar no maior número de persoas dentro e fóra de Galicia	Proxectar a realidade e imaxe de Galicia a través de toda a actividade da Corporación RTVG na Rede	Continuar coa presenza institucional destacada a aplicar en tres liñas de traballo: Europa a través de CIRCOM, Portugal e países da cultura celta a través do grupo Celtic Media
---------------	--	--	--

A proxección da imaxe exterior de Galicia farase a través de varias liñas de actuación. Primeiramente a través da difusión dos medios públicos galegos mediante as canles de televisión por satélite e internet Galicia TV Europa e Galicia TV América, que levan polo mundo a maior parte da programación da TVG. A difusión destes sinais prodúcese en grande medida por acordos entre a Corporación RTVG e distribuidores de cabo espallados por todo o mundo, e cos que a CRTVG vai manter unha política de consolidación e crecemento sempre que sexa posible. Tamén se manterán contactos con organismos representativos das comunidades galegas no exterior.

Por outro lado está toda a actividade da Corporación RTVG en internet (páxina web e redes sociais fundamentalmente), pola súa natureza universal. E nun sentido máis institucional a Corporación seguerá a desenvolver actividade a nivel internacional en tres eixos: Europa, con máis intensidade en Portugal, e países da cultura celta. No que atinxe a Europa, a Corporación goza dun especial peso e prestixio en CIRCOM, a asociación das televisións públicas rexionais europeas que reúne a unhas 250 televisións e centros emisoros de 30 países, entre elas 11 autonómicas españolas, e da cal a Corporación RTVG exerce a Secretaría Xeral europea a través do labor do Director da Área de Contidos da Corporación, desde 2015. Esta lidera así un equipo multinacional que organiza as actividades da entidade como a Conferencia anual pero tamén uns 15 eventos anuais en diversos lugares de Europa, incluíndo a celebración dos principais premios da televisión rexional europea, aos que habitualmente se presentan unhas 200 candidaturas. A Corporación RTVG ten entre outras funcións a de representar institucionalmente o colectivo das televisións públicas rexionais europeas, en foros como o cumio das radiotelevisións públicas mundiais (PBI), o Parlamento Europeo ou o Observatorio Audiovisual Europeo.

A colaboración cos medios públicos portugueses avanzará en diversos eidos relacionados coa información, os contidos e o intercambio de experiencias. A Corporación tamén exerce a súa posición, desde 2018, no Comité Executivo do grupo Celtic Media, no que están representadas as radio-televisións BBC Escocia, MG/BBC Alba, BBC Gales, BBC Irlanda do Norte, as públicas irlandesas RTÉ e TG4, a galesa S4C e varios outros organismos públicos. Toda esta presenza institucional previsiblemente achegará á Corporación RTVG un acceso directo e privilexiado ao coñecemento do que está a acontecer noutros sistemas públicos e mercados audiovisuais, e constitúe unha destacada vía de promoción da imaxe de Galicia, da Corporación mesma e da industria audiovisual galega.

Dentro de Galicia a Corporación RTVG retomará e ampliará na medida das súas posibilidades a súa función como “media partner” dentro dos principais eventos culturais que se poidan celebrar (festivais de cine, musicais, teatro..) presencial ou virtualmente. O obxectivo é ser o medio de referencia para chegar así a públicos aos que doutra forma non é posible impactar. Dentro da FORTA, o peso da Corporación RTVG segue a ser extraordinariamente relevante na toma de decisións das diferentes comisións por mor da presenza e do traballo dos equipos dos diferentes Departamentos. No bienio 2022-2023 a pretensión é seguir sendo un actor fundamental da organización estatal.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

0. ÁREA DE PROYECCIÓN SOCIAL

DIMENSIÓN 0.2: PROYECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA

LIÑA 0.2.4: Fomento da accesibilidade en todas as Áreas e canles da Corporación

MEDIDA 0.2.4.0: Facer evolucionar a estratexia de Responsabilidade Social Corporativa asociada á accesibilidade

OBXECTIVO: Reforzar a accesibilidade na Corporación RTVG

METAS:

Trasladar os conceptos de accesibilidade ás novas plataformas de consumo

Abrir novos camiños de accesibilidade a máis grupos sociais

Desde o ano 2020 os principais informativos da Corporación RTVG son accesibles en lingua de signos atendendo así ao cumprimento do determinado polo marco normativo vixente. Todas as campañas de RSC da Corporación RTVG están sempre pensadas desde o prisma da máxima accesibilidade, sendo esta a temática protagonista incluso dalgunha campaña como #AsMansComunican. Esta campaña de RSC foi creada en colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG) para resaltar o valor da lingua de signos e fomentar a aprendizaxe das expresións máis básicas de uso común.

A Corporación RTVG perante o lanzamento da nova OTT en 2022 terá moi presente a accesibilidade da mesma no tocante á subtítulos de contidos e intentará na medida do posible implementar novos servizos online como a "lectura sinxela", un método de lectura usado no contorno das persoas con síndrome de Down pero que pode axudar á comprensión lectora tamén a outros grupos de interese da sociedade galega.

A Corporación RTVG seguirá comprometida coa inclusión de toda a sociedade na súa acción diaria e nas súas campañas de RSC, fomentando o seu valor público con accións creadas sempre de forma interna e con equipos da Corporación. As #AcciónsG seguirán no territorio de comunicación dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da ONU, e xirando ao redor de tres eixos: Muller, Igualdade e Sustentabilidade

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎		◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I.1. Área de Xestión Corporativa

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA					
DIMENSIÓN I.1: Economía e administración					
LIÑA I.1.1: Perfeccionamento e mellora da eficiencia na xestión					
MEDIDA I.1.1.1: Mellorar o modelo de xestión sobre o que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual					
OBXECTIVO: Desenvolver unha xestión da actividade que contribúa a manter unha situación da Corporación equilibrada en termos financeiros e patrimoniais					
METAS:	Atinxir unha posición de equilibrio financeiro nas liquidacións orzamentarias dos exercicios que comprende o Plan de Actuación presente		Contribuír á redución do déficit orzamentario acumulado anterior a 2008		
<p>A causa principal que levou a debilitar a situación financeira e patrimonial da Corporación foi, no seu momento, a acumulación de déficits de tesourería nos sucesivos orzamentos para os que non estaba previsto un financiamento específico. Resultou disto a liquidación orzamentaria en determinados exercicios en posición de desviación negativa a respecto do orzamento aprobado, acumulándose ao 31 de decembro de 2008 un valor negativo de remanentes de tesourería non orzamentados superior aos 51 millóns de euros.</p> <p>Coa fin de contribuír a re-equilibrar esa situación no período 2009-2020 adoptáronse as medidas necesarias, que deron como resultado a redución de 36,7 millóns de euros do déficit acumulado, o que supuxo sanear un 65% deste, ata situalo nun valor de -14,3 millóns de euros ao peche do exercicio de 2020.</p> <p>Con esa base e referencia, esta medida determínase coa finalidade de manter no período 2022-2023 un enfoque e dinámica de xestión que asegure un cumprimento do orzamento sen desviacións significativas ou mesmo en posición de superávit.</p>					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎	●	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.1: Economía e administración

LIÑA I.1.1: Perfeccionamento e mellora da eficiencia na xestión

MEDIDA I.1.1.2: Manter a autonomía financeira da Corporación con base exclusiva nos recursos propios

OBXECTIVO: Desenvolver unha xestión da actividade produtiva da Corporación financiada en exclusiva con recursos propios

METAS:	Financiar a actividade produtiva exclusivamente con recursos propios	Manter o nivel de endebedamento bancario nulo atinxindo en exercicios precedentes	Avanzar cara a manter o período medio de pagamento a fornecedores por baixo dos trinta -30- días
---------------	--	---	--

Trátase de levar a termo unha xestión da actividade produtiva da Corporación RTVG financiada exclusivamente con recursos propios; é dicir: os procedentes da achega patrimonial institucional e os derivados da súa actividade comercial pola súa concorrencia como empresa no mercado audiovisual, das comunicacións e publicitario. Esa dependencia exclusiva dos recursos propios para financiar a actividade produtiva debe permitir, a un tempo, manter o período medio de pagamento a fornecedores por baixo dos trinta -30- días e un nivel de endebedamento bancario nulo, como trazos da xestión desenvolta en exercicios precedentes para consolidar unha política de saneamento económico e financeiro.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●	◎			

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.1: Economía e administración

LIÑA I.1.2: Perfeccionamento e mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira

MEDIDA I.1.2.1: Situar a combinación entre o factor humano e a tecnoloxía como chave dos sistemas de información económico-financeira

OBXECTIVO: Mellorar os sistemas de información económico-financeira na perspectiva de decisións específica de cada Área, considerando como factor central a interacción entre o coñecemento que achega o capital humano e as virtualidades que proporcionan as novas posibilidades tecnolóxicas, para aumentar a eficiencia e a formalización do seu funcionamento e explotación

METAS:	Determinar a singularidade da perspectiva do coñecemento estratéxico con que cada Área contribúe ao corporativo baixo un esquema de visión integral	Establecer unha dinámica de mellora continua dos procedementos e sistemas de información económico-financeira para a xeración de coñecemento estratéxico en cada Área
---------------	---	---

Resultado de importancia para a xeración de coñecemento estratéxico integrado a nivel corporativo, cualificar o xerado na especificidade da perspectiva de cada Área funcional da organización. Para iso será preciso situar no centro da definición e deseño dos sistemas de información e eventual mellora dos xa existentes a consideración de cómo se xera o coñecemento requirido na interacción da achega do capital humano, desde a súa experiencia, e das posibilidades que achega a tecnoloxía, avaliando e revisando, en clave de eficacia na predición, as achegas desde eses dous polos. Trátase en suma de favorecer os espazos de decisión formalizados, de xeito que a eficacia nos prognósticos sexa axeitada.

Establecer unha dinámica de definición, axuste e mellora continua dos sistemas de información fai necesario deseñar protocolos de funcionamento e explotación dos procedementos para optimizar o seu rendemento como fontes de coñecemento estratéxico

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎	●		◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.1: Economía e administración

LIÑA I.1.2: Perfeccionamento e mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira

MEDIDA I.1.2.2: Impulsar actuacións de xestión en orde á disposición de información de calidade, por precisión, fiabilidade, relevancia, carácter exhaustivo, capacidade de procesamento e alcance, con valor de materia prima para un coñecemento clave de orde orzamentario sobre o conxunto da organización, de xeito que permita prognósticos axeitados orientados ao cambio en anticipación estratéxica e, así, avanzar nunha xerencia orzamentaria con visión global de servizo público

OBXECTIVO: Dotar de perspectiva estratéxica á xeración de coñecemento por parte do persoal, nomeadamente directivo de maneira que defina e favoreza a innovación dos sistemas de información e dos procedementos de explotación, para xerar coñecemento prospectivo en orde a anticipar o cambio. Isto esixe, completar os procedementos formais convencionais de cálculo e proxección a futuro, mellorar a capacidade de predición, de análise especulativa-selectiva e de percepción subxectiva

METAS:	Sensibilizar ao persoal da Área do valor e alcance estratéxico, para o conxunto da Corporación, do coñecemento en clave de predición	Determinar, desde a praxe do persoal da Área e nas novas potencialidades dos sistemas de información, os elementos precisos para unha contribución axeitada a un maior e mellor coñecemento, definindo e fixando os protocolos de explotación de información, as súas liñas de mellora e as necesidades tecnolóxicas, formativas etc. que suscita
---------------	--	---

Partindo da experiencia e solvencia profesionais do persoal da Área deberá impulsarse a súa sensibilización para que transcenda a súa auto-percepción como elemento axente de procesos de control e a amplíe e proxecte na perspectiva de axente na xeración de coñecemento prospectivo. En consecuencia, preténdese acadar nun vector de continuidade, un incremento da intelixencia prospectiva na xeración de coñecemento á que se vén atendendo no exercicio da dirección de goberno da Corporación. Ao fío do exposto propiciaranse entornos para desenvolver e consolidar ordenadamente un conxunto de perspectivas, hábitos e prácticas que contribúan a xerar un saber colectivo acumulado e transmisible.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●	◎			

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.1: Economía e administración

LIÑA I.1.2: Perfeccionamento e mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira

MEDIDA I.1.2.3: Mellorar as liñas de traballo na dirección de goberno, na rendición de contas e no exercicio da transparencia en base á mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financeira

OBXECTIVO: Preparar os estados de información non financeira e dos estados contables baixo criterios de calidade segundo o disposto respectivamente na “Lei 11/2018 en Materia de información non financeira e diversidade” e mais na “Lei 22/2015 de Auditoría de contas”.

METAS:	Incrementar a eficiencia dos sistemas de información para axilizar a transposición da información non financeira no estado formalizado correspondente	Constituír o Estado de Información Non Financeira nun elemento de comunicación na política de transparencia da Corporación
---------------	---	--

A Corporación RTVG ten no seu haber unha dilatada serie continuada de informes de auditoría sobre as súas contas de carácter positivo. Ese mesmo resultado, estase a dar nos estados de información non financeira verificados por auditor independente. Ao tempo, pola natureza singular en canto contido e amplitude de perspectivas, cabe considerar a súa divulgación como un elemento máis na comunicación corporativa exercida intencionalmente como práctica de transparencia.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎	●	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.2: Contratación administrativa

LIÑA I.2.0: Perfeccionamento e consolidación da implantación da administración electrónica na Corporación

MEDIDA I.2.0.0: Perfeccionar progresivamente e consolidar a administración electrónica na xestión de procedementos de natureza económico-orzamentaria, administrativa e de contratación administrativa, promovendo o seu uso e avaliando os progresos en orde á súa implantación en termos de alcance

OBXECTIVO: Avanzar na disposición, integración e axuste das ferramentas precisas a fin de que, de ordinario, a xeneralidade dos procesos de traballo e a xestión de procedementos económico-orzamentarios, de intercambio de información con organismos externos, os relacionados coas actuacións administrativas e mais os relativos á contratación administrativa da Corporación se verifiquen por medios dixitais

METAS:

Avanzar na implantación de aplicacións cara ao pleno funcionamento por medios dixitais dos procedementos de administración electrónica, con especial atención aos de licitación e contratación administrativa

Avanzar na implantación da administración electrónica na Corporación RTVG no plano da xestión de procedementos económico-orzamentarios e os asociados de remisión de información a organismos externos, especialmente no que ten que ver cun maior aproveitamento interno.

Nese conxunto de actuacións, xa no plano da xestión de procedementos administrativos, continuarse a mellorar as prestacións complementarias dos dispositivos e a súa harmonía dentro dunha arquitectura integral de sistemas.

A efectos de contratación electrónica, implantarase unha xestión dixital íntegral dos procedementos de licitación e contratación, mediante sistemas internos e en rede con outros organismos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●			◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.3: Prestación de soporte xurídico

LIÑA I.3.1: Avance da definición e preservación das garantías en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa

MEDIDA I.3.1.0: Perfeccionar a detección de eventualidades de responsabilidade xurídica







OBXECTIVO: Perfeccionar nunha dinámica de revisión continua, a partir do seguimento da evolución do marco legal e dos compromisos voluntarios contraídos e recomendacións de boas practicas que a Corporación deba considerar, a supervisión das eventualidades de virtual risco para ela de incorrer en responsabilidades xurídicas

METAS:

Perfeccionar a supervisión xurídica dos expedientes tramitados polas distintas Áreas coa finalidade de mellorar a seguridade nesa perspectiva así como o sistema de apoio xurídico ás distintas Áreas e Departamentos

A Corporación RTVG actúa nun marco xurídico que, en paralelo coa sensibilidade social, evoluciona nun incremento constante das esixencias de remisión de información, transparencia e responsabilidade corporativa; tamén, internamente, nunha circunstancia que aparece como caracterizada principal e previsiblemente pola xestión ordinaria do ámbito xurídico, resulta fundamental, dando continuidade á xestión no ciclo anterior, proseguir o traballo no sentido de acompañar o propio funcionamento coas tendencias en curso de xeneralización en todas as grandes organizacións empresariais, no dos medios públicos de comunicación en particular, actuando así non só con anticipación no que está sendo xa aquel novo marco de esixencias, senón insistindo no incremento do rigor dese funcionamento e da seguridade nese sentido. Trátase en particular de contribuír á mellora e ampliación sostidas dun sistema formalizado de garantía da responsabilidade da Corporación como persoa xurídica.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					

 Área responsable  Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.3: Prestación de soporte xurídico

LIÑA I.3.2: Contribución da perspectiva xurídica na prospectiva estratéxica da xestión dos recursos humanos

MEDIDA I.3.2.0: Apoiar a toma de decisións desde a perspectiva xurídica na prospectiva estratéxica da xestión dos recursos humanos

OBXECTIVO: Mellorar a contribución desde unha perspectiva xurídica á definición estratéxica en clave prospectiva da xestión dos recursos humanos propiciando contornas normativas axeitadas en clave de seguridade, transparencia e rigor

META:

Dar prioridade no soporte xurídico á xestión de recursos humanos, á análise estratéxica previa, contribuindo ao carácter pro-activo desa xestión

Contribuír, desde a perspectiva xurídica a fortalecer o esquema de xestión desenvolvido cara a:

- Contribuír a mellorar a xestión en clave de seguridade xurídica e sentar unha base axeitada para xestionar de xeito profesional a área laboral.
- Proporcionar transparencia externa e interna plenamente coherente coa reformulación da cultura corporativa.
- Ter un decisivo valor instrumental inmediato en clave de xestión, na medida en que o cadro de persoal identifica con claridade o conxunto de postos de traballo da Corporación.
- Mellorar así a capacidade de gobernanza na proxección estratéxica da xestión que se refire aos recursos humanos, facilitando ao supervisor e aos órganos de goberno da Corporación a toma de decisións.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎	●	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.4: Xestión das persoas e a organización

LIÑA I.4.1: Atribución dun carácter ordinario a unha xestión estratéxica dos recursos humanos da Corporación

MEDIDA I.4.1.0: Fixar como filosofía e parte da cultura corporativa, e así como base da xestión efectiva das persoas e a organización, os criterios de xestión do cadro







OBXECTIVO: Favorecer a asunción dos criterios de xestión do cadro por parte da organización e as súas instancias de representación, o mesmo que polo conxunto dos supervisores, de acordo cos seguintes criterios: consenso e diálogo en co-responsabilidade e a prol dunha contorna de transparencia, desenvolvendo a súa aplicación efectiva

META: Utilizar os criterios de xestión como pauta de análise e planificación na xestión executiva e na dirección de goberno en materia de xestión de recursos humanos

Os criterios de referencia que se consideran como guía na xestión do cadro e a organización son: valor estratéxico, en canto á relevancia que debe ter na acción de goberno e no exercicio directivo; orientación á competitividade e á eficiencia, en canto clave para a avaliación e adaptación continuas; sustentabilidade, en canto racionalidade dos custos con relación aos retornos sociais e económicos da súa actividade; seguridade xurídica, en canto a un nivel axeitado desta nas relacións laborais e na xestión do cadro e a organización; emprego estable e de calidade, en canto característica que debe definir, en dimensións retributivas e socio-laborais, ao xerado pola Corporación; accesible ao talento dispoñible na sociedade e sensible ao presente na organización a partir dunha provisión efectiva baixo principios de publicidade, igualdade, capacidade e mérito, así como consenso e diálogo en co-responsabilidade, en canto dinamismo e marco da xestión do cadro e a organización.

A Medida presente atende, pois, a impregnar a cultura corporativa de tales criterios e a sinalar como dinámica ordinaria de goberno e xestión a súa aplicación efectiva.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					

 Área responsable  Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.4: Xestión das persoas e a organización

LIÑA I.4.2: Mellora da xestión dos recursos humanos en termos de rendemento operacional e estratéxico

MEDIDA I.4.2.1: Incrementar o rendemento dos recursos, ferramentas, instrumentos e procedementos dispoñibles dedicados á xestión do capital humano e da organización para optimizalos como soporte da xestión estratéxica e innovadora pretendida

OBXECTIVO: Mellorar o rendemento operacional dos recursos, ferramentas, instrumentos e procedementos dispoñibles dedicados á xestión do capital humano e da organización

METAS:	Diferenciar funcionalmente as responsabilidades de xestión das relacións laborais na Corporación das referidas á xestión operativa dos seus recursos humanos e organización, sen prexuízo da coordinación debida	Mellorar o rendemento, nas claves de avaliación continua e predición, do conxunto de sistemas de información en transo de completarse na súa arquitectura
---------------	--	---

Avanzar cara a unha xeración continua de información fidedigna sobre todas as variables asociadas á xestión do cadro e as relacións laborais. Sobre esta base de representación axeitada do persoal ao servizo da Corporación hai que propiciar contornas para mellorar na xestión de recursos humanos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●			◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.4: Xestión das persoas e a organización

LIÑA I.4.2: Mellora da xestión dos recursos humanos en termos de rendemento operacional e estratéxico

MEDIDA I.4.2.2: Fortalecer e reforzar a coherencia orgánica dos procesos de soporte á xestión de recursos humanos

OBXECTIVO: Evolucionar e consolidar o sistema de información de Recursos Humanos e adaptalo ás modificacións legislativas

METAS:	Evolucionar o sistema de información e adaptalo as novidades legislativas.	Integrar e crear novas ferramentas para os responsables da Corporación RTVG integradas co sistema de información de Recursos Humanos.
---------------	--	---

Unha vez realizada a implantación do Sistema de Información Integral de Recursos Humanos cómpre agora consolidar e estabilizar o seu uso, así como involucrar a outras Áreas da Corporación RTVG na xestión e explotación dos sistemas de información de recursos humanos coa finalidade última de que a Corporación RTVG traballe no seu conxunto coa filosofía do dato único. Para conseguir este obxectivo potenciarase o portal do empregado e do responsable. Así desenvolveranse as ferramentas específicas para a xestión por parte dos responsables con traballadores/as ao seu cargo reforzando, desta forma a xestión do tempo.

Así mesmo, procederase á migración e a integración da xestión dos procedementos xudiciais coa base de datos de Recursos Humanos coa finalidade de fortalecer a explotación integral dos datos.

Cabe mencionar tamén que a ferramenta implantada encóntrase en continua evolución dado que o sistema debe adaptarse ás continuas novidades legislativas no eido laboral –rexistro retributivo, auditoría retributiva, etc.- que xeran necesidades de constantes adaptacións dos sistemas de información.

Como avance adicional aos indicados progresarase na creación de informes automatizados incrementando deste modo a eficiencia na xestión.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●			◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.4: Xestión das persoas e a organización

LIÑA I.4.3: Desenvolvemento efectivo dunha xestión pro-activa do cadro e a organización en clave de anticipación estratéxica

MEDIDA I.4.3.1: Tomar o deseño do cadro da Corporación como oportunidade para a consolidación e estabilización do emprego

OBXECTIVO: Derivar do deseño do cadro as consecuencias desexables para a consolidación do emprego xerado pola Corporación ao fío das necesidades produtivas, satisfacendo así o criterio de procura da calidade deste e reducindo de paso os riscos derivados das contratacións temporais a partir das listaxes correspondentes

METAS:	Establecer unha dinámica continua de revisión do cadro en función das necesidades produtivas e competitivas da Corporación	Contemplan un escenario de estabilización no emprego que incorpore unha visión de benestar laboral
---------------	--	--

A completa representación do cadro de persoal, a mellora dos sistemas de información para a xestión dos recursos humanos, a consideración desta como vector estratéxico a partir duns criterios definidos incorporados á cultura corporativa e o seu exercicio pro-activo abre un escenario de oportunidades para consolidar e estabilizar o emprego temporal que xera a Corporación, satisfacendo así, por unha parte a ocupación de calidade e por outra, incorporando definitivamente á organización o talento das persoas ata agora vinculadas dese xeito e, asemade, limitando os riscos xerados polas contratacións temporais.

Repensar aspectos como: a estabilidade no emprego, clima laboral, coidado do entorno de traballo, implantación de instrumentos de tele-traballo, recoñecemento e participación dos/as traballadores/as, comunicación corporativa efectiva e formación continua como factores clave que contribúen a avanzar cara a contornas de benestar laboral.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●				

● Área responsable ● Área atinxida

I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA

DIMENSIÓN I.4: Xestión das persoas e a organización

LIÑA I.4.3: Desenvolvemento efectivo dunha xestión pro-activa do cadro e a organización en clave de anticipación estratéxica

MEDIDA I.4.3.2: Facilitar as achegas formativas precisas que, en clave de formación continua, dean soporte a un incremento directo da eficiencia produtiva do cadro, así como que resulten necesarias para a habilitación en novas competencias

OBXECTIVO: Integrar, desde a referencia do recente Plan de Formación Dixital, a oferta de formación continua como dinámica intencional aliñada coas directrices estratéxicas e coas Medidas e Liñas de xestión do cadro

METAS:

Planificar e desenvolver un plan anual de formación continua de empresa en 2022 e seguintes, acorde co obxectivo enunciado

Desenvolver un plan de formación continua que, atenda nos seus contidos ás necesidades de formación do conxunto do persoal ao servizo da Corporación. A consecución de coñecementos e habilidades debe satisfacer o criterio de mellora da eficiencia produtiva, aliñada no horizonte estratéxico en que se trace esta, e atender no posible á emisión de recoñecementos que habiliten profesionalmente en termos de carreira profesional para contribuír, nos sentidos da evolución da organización produtiva e da consolidación de emprego. Na dimensión de actitudes, a formación deberá achegar un espazo para ensaiar e ir dando corpo a unha nova cultura corporativa.

Incorporar no Plan Anual de Formación unha liña de traballo específica en materia de igualdade en coherencia coa vontade corporativa e colectiva no seu compromiso coas políticas nese ámbito.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	●	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I.2. Área de Información e Documentación

II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN					
DIMENSIÓN II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL					
LIÑA II.0.1: Acoplamento de sistemas, programas e espazos derivados da aplicación da dixitalización					
MEDIDA II.0.1.0: Crear un programa de formación específico, coa incorporación do uso de novas técnicas narrativas á produción diaria de formatos informativos analóxicos e dixitais					
OBXECTIVO: Avanzar nunha maior integración na produción de contidos informativos multi-plataforma na Corporación RTVG					
METAS:	Mellorar a adaptabilidade: buscar maior encaixe entre o cadro de persoal, os seus perfís profesionais e o novo modelo produtivo e tecnolóxico	Impulsar a innovación responsable dos produtos informativos, buscando máis calidade nos contidos, máis sinerxías e comunicación entre os medios da Corporación e máis canalidade.		Mellorar o acabado final dos produtos emitidos por calquera das canles informativas e aumentar a interacción	
<p>Avanzar no servizo multi-plataforma supón aproveitar, en toda a súa extensión, tanto as capacidades dos/as traballadores/as de Tempo Real como das redaccións de informativos da RG e TVG.</p> <p>O servizo de Tempo Real ten esencialmente dúas funcións na actualidade:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1- Elaborar noticias de última hora para ter actualizada constantemente a páxina e as redes 2- Explorar novos formatos dixitais <p>Para que este servizo poida realizar correctamente o seu cometido é importante a implicación de toda a redacción de Informativos. Nestes momentos, os redactores xa envían borradores das súas noticias pero, en moitos casos, estes borradores non se adaptan correctamente ao formato dixital, xa que son simples transcricións literais do que se emite polo "broadcast". Antes do remate da tempada 2020-2021, toda a redacción debería ter recibido unha formación obrigatoria para mellorar esta tarefa. Canto mellores sexan eses borradores, máis áxil será a publicación por parte de Tempo Real. Xa están comezando a recibir esa formación. Pero a implicación da redacción non debería quedar aí. O novo xestor debe permitir que, en determinados casos, calquera redactor poida iniciar a publicación dunha noticia. É dicir, que o manexo do CMS non será exclusivo de Tempo Real. E para iso, é precisa unha nova formación, na tempada 2021-2022, para que cada redactor poida responsabilizarse e ter control da súa noticia en G24.gal. A formación da redacción debe ampliarse a outros campos: o manexo do móbil para crear historias ("mo-jo"), o uso de gráficos para as informacións ("datawrapper", "flourish data" e outras ferramentas de uso sinxelo), os novos formatos de vídeo dixital.</p> <p>No que afecta ao Servizo de Documentación e arquivo precísase o reforzo da formación na consulta e recuperación de contidos no sistema de arquivo, propiciando a autonomía e a transparencia dos servizos documentais da Corporación. Os/as documentalistas deberán recibir formación na tempada 2021-22 sobre construción de arquivos dixitais (meta-data e selección de contidos).co obxectivo prioritario de mellorar o actual "arquivo en liña" e contribuír pro-activamente á produción de contidos nas plataformas dixitalis e mesmo "broadcast".</p> <p>Precisase tamén formación específica no tratamento documental da información nos novos sistemas de arquivo dixital en busca dunha optimización do traballo que poida mellorar a calidade e permita un tratamento máis áxil dos contidos.</p>					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	◎	●		◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

DIMENSIÓN II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL

LIÑA II.0.2: Avance na integración metodolóxica do marco teórico cos procesos técnicos e a análise de casuísticas derivadas para unha mellor compactación dos servizos

MEDIDA II.0.2.0: Exercer un control continuado de procesos e das etapas dentro deles destinado ao constante perfeccionamento das distintas operacións derivadas da dixitalización

OBXECTIVO: Establecer unha metodoloxía de avance, cunha formulación periódica de melloras para afinar o conxunto.

METAS:	Conseguir unha mellora continua nos procesos, a eficiencia e a calidade dos produtos informativos de Corporación RTVG	Instalar fluxos de traballo con metodoloxías estandarizadas nas que primen os percorridos para canles dixitais	Crear un mapa de procesos construído baixo os principios de Xestión do Modelo de Excelencia para a Calidade EFQM que inclúa os fluxos precisos para mellorar a produción e emisión en canles dixitais, aumentando a súa audiencia, automatizando a produción e elevando a produtividade dos traballadores.
---------------	---	--	--

No anterior bienio, publicáronse na web os mapas de procesos e de protocolos deseñados para que a Corporación mellore a súa produtividade, e que supuxeron unha simplificación dos fluxos e procedementos de decisión e operacionais, así como un incremento da eficiencia dos estándares actuais no seu seo.






Esos mapas, lonxe de ser unha foto fixa, foron concebidos para evolucionar para perfeccionarse e adaptarse ás necesidades cambiantes do medio. Dous anos despois, e nesa constante evolución, desde a Área de Información e Documentación traballárase para reconstruír ese mapa de procesos e adaptalo máis aínda ás canles dixitais. Na actualidade, e máis tras os cambios obrigados polo teletraballo e a pandemia, resulta evidente que non están contemplados todos os procesos necesarios para unha mellor explotación dos nosos contidos en dixital. Entre as novas metas da Área está recrear o mapa de procesos, construíndo un máis axustado ao escenario dixital baixo os principios de Xestión do Modelo de Excelencia para a Calidade EFQM que inclúa os fluxos precisos para mellorar a produción e emisión en canles dixitais, aumentando a súa audiencia, automatizando a produción e elevando a produtividade dos/as traballadores/as.

O grupo de Tempo Real, xa integrado fisicamente na redacción, mellorará as súas capacidades grazas ao novo CMS de Informativos, que aumentará a súa produtividade e a automatización de moitos procesos que agora son máis morosos. Ao tempo, tamén facilitará a tarefa dos/as redactores/as non asignados/as a Tempo Real pero que desvían o seu traballo cara aos contedores dixitais da Corporación. Tanto na RG coma na TVG, a incorporación da produción para canles dixitais debe ser plena nas rutinas globais da redacción.

No caso da comunicación entre o Servizo de Documentación e Arquivo e os/as redactores/as, implementárase:

- Os fluxos de traballo necesarios para reactivar o arquivo en liña de CRTVG desde os novos entornos dixitais de edición e arquivo (2021).
- A consulta constante co público usuario para a mellora do funcionamento do arquivo dixital con consultas periódicas e a implementación dunha caixa de suxestións.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					
● Área responsable	● Área atinxida				

II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

DIMENSIÓN II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL

LIÑA II.0.3: Seguimento e revisión dos resultados das estratexias nos diferentes medios da Corporación

MEDIDA II.0.3.1: Seguimento da evolución da RG en termos de impacto para calibrar a súa viabilidade e penetración

OBXECTIVO: Consolidar a marca histórica de audiencia acadada polo grupo de emisoras da Corporación

METAS:	Manter o liderado da Radio Galega entre as emisoras xeralistas	Consolidar a audiencia do grupo por enriba dos 200.000 oíntes	Concluir a ampliación dos programas informativos
---------------	--	---	--

Continuarase aprofundando na medición de audiencias de todas as canles explorando a súa complementariedade para evitar duplicidades, e garantir que se chegue ao maior número posible de sectores, cada un desde a súa canle preferente, hábitos de consumo e a linguaxe narrativa propia de cada grupo de usuarios/as.

O obxectivo da RG en 2022 é consolidar un cómputo de oíntes superior á fronteira dos 200.000. A emisora pública volveu incrementar audiencia no último EXM do 2020, marcando por segunda vez nun ano o seu máximo histórico de seguimento con 218.000 oíntes de luns a venres: un 1,4% respecto á primeira onda do ano. As audiencias tamén melloraron se se comparan co acumulado do ano 2019, cunha suba do 45% e 67.000 novos oíntes. De luns a domingo, o incremento foi 47%. No que atinxe á terceira onda de 2019, o incremento é de 48.000 oíntes e o 31,7%.

O grupo de emisoras da RG alcanzou unha audiencia total de 255.000 oíntes nesa terceira onda do ano no período de luns a venres, marcando un novo máximo histórico. No conxunto da semana a audiencia total é de 228.000 persoas, o que se traduce nun incremento do 4,1 por cento con 9.000 ouvintes máis.

A radio pública pretende neste exercicio 2022 manter o liderado entre as emisoras de enfoque xeral de Galicia. O último EXM situou a RG como líder na Comunidade en "share", cun 31% de luns a venres, case 4 puntos por riba da Cadena Ser, e cun 28,7% de luns a domingo. No que se refire á media de escoita en minutos por oínte, a RG tamén encabezou o ránking con 177 minutos, 23 minutos máis que a segunda emisora.

No contexto da pandemia da Covid-19 e logo de meses de radio innovadora para facer chegar a información de servizo público á audiencia, a RG medrou nun contexto de caída xeral no consumo do resto de radios en Galicia. O obxectivo neste 2022 é consolidar esa tendencia, contraria á liña xeral de descenso das emisoras da competencia. Para a súa consecución concluírase neste exercicio a estratexia de ampliación dos espazos informativos, que cobren na actualidade 18 das 24 horas do día.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		●			

● Área responsable ● Área atinxida

II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

DIMENSIÓN II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL

LIÑA II.0.3: Seguimento e revisión dos resultados das estratexias nos diferentes medios da Corporación

MEDIDA II.0.3.2: Re-definir a estratexia global da Corporación en canto marcas e medios dixitais

OBXECTIVO: Situar a marca G24 como referencia informativa para toda a produción de noticias de Corporación RTVG

METAS:	Unificación de todo o contido informativo en medios dixitais baixo a marca G24	Creación dunha APP centrada en contidos informativos	Adquisición de novo software para avanzar na consecución dos obxectivos comunicativos de G24
--------	--	--	--

O principal reto que teñen as canles dixitais dos Servizos Informativos é a renovación urxente do seu xestor de contidos. O actual presenta demasiados problemas técnicos e non permite a publicación de noticias dun xeito suficientemente áxil. É o momento de presentar —o antes posible— unha páxina web renovada, acompañada dunha nova App só centrada nos Informativos. E todo isto, a ser posible, xestionado xa desde o dominio G24.gal, que debe continuar consolidándose como marca propia e independente da Corporación RTVG. Isto tería dous beneficios.

- O principal, o cumprimento da lei que obriga ao impulso dos dominios .gal: *Decreto 74/2015, do 13 de maio, polo que se regula a organización da presenza na internet da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia baixo o dominio de nivel superior .gal*. “Os portais web da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia que empreguen dominios de nivel superior distintos do .gal (por exemplo, xunta.es, xunta.eu, etc.) serán redirixidos ao dominio .gal correspondente, mantendo a navegación por este dominio. As referencias internas a outros dominios substituiranse por referencias ao .gal, para non duplicar a presenza da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia en indexadores ou buscadores”.
- E, en segundo lugar, o reforzo da marca de Informativos, que se administrará desde un xestor independente e que terá a súa réplica tamén nunha app independente.

A páxina crtvg.gal debería quedar só como unha páxina corporativa cun carrusel que redirixa ás principais canles da Corporación: tv.gal (ou g.gal), radiogalega.gal, g24.gal, etc. Dentro do dominio G24.gal incluíriase a información do tempo, a deportiva e a cultural.

O novo xestor debe aportar un re-deseño da páxina e unha nova organización dos seus elementos. Tamén, novos formatos dixitais para facer coberturas máis áxiles (páxinas efectivas de minuto a minuto).

O servizo de Tempo Real debe dotarse ademais de instrumentos que lle permitan extraer imaxes dunha forma máis rápida que a actual para a súa publicación en redes sociais. Actualmente os tempos de transcodificación do UX-Media Central seguen sendo demasiado elevados.

A nova web deberá incluír un novo sistema de publicación de Telexornais e espazos informativos con puntos de corte e posibilidade de rebobinado.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
	◎	●		◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN

DIMENSIÓN II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL

LIÑA II.0.3: Seguimento e revisión dos resultados das estratexias nos diferentes medios da Corporación

MEDIDA II.0.3.3: Atender ao desenvolvemento de todos os servizos que aporte o novo sistema de transporte de sinal de radio a través de IP

OBXECTIVO: Multiplicar a difusión dos contidos informativos da RG a través de medios dixitais

METAS:	Creación dunha plataforma de podcast nativos da RG	Incremento das audiencias dixitais rexistradas na web e redes sociais	Incremento substancial da emisión en “streaming”
--------	--	---	--

A Corporación de RTVG está inmersa nun proceso de renovación dos seus servizos dixitais en diferentes fases. E a primeira delas consiste na adquisición dun CMS para G24.gal. Neste proceso, a RG convivirá durante un tempo na actual web da Corporación.

Está previsto o lanzamento dunha nova plataforma de podcast: unha nova experiencia dixital nativa da RG. Este proxecto, que convivirá coas futuras fases establecidas na estratexia dixital corporativa, dará cobertura á RG para apostar por formatos innovadores a través de podcast nativos.

Os obxectivos para esta tempada desta nova plataforma supoñen apostar polo “audio” como novo concepto da radio converxente; innovar o formato e as narrativas dos contidos de audio; innovar na achega de contidos á sociedade galega; achegarse a públicos máis novos, renovar a imaxe da marca; apostar polo audio como parte da estratexia de innovación e comercial da Corporación RTVG e convivir coa actual estratexia dixital desta, complementándoa.

Preténdese tamén seguir incrementando a audiencia dixital da RG. Apostarase novamente pola difusión de contidos informativos a través da web e a amplificación do seu percorrido a través das redes sociais. Tomaranse como referencia os datos rexistrados nos dous últimos anos, que se traducen nun crecemento do 158% dos/as usuarios/as únicos/as en “streaming” e do 44% no crecemento das páxinas vistas na web.

Con estes datos a aposta da tempada 2021/2022 no ámbito dixital estará centrada no incremento do “streaming” visual de forma complementaria ao de audio. Esta pretensión será posible grazas á construción dun novo estudio de radio habilitado para a emisión audiovisual

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		●	◎	◎	

● Área responsable ◎ Área atinxida

I.3. Área de Contidos

III. ÁREA DE CONTIDOS					
DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS					
LIÑA III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos					
MEDIDA III.0.1.1: Estender a estratexia de captación e xestión de contidos con valores de servizo público susceptibles de chegar a sectores amplos da sociedade ou a segmentos sociais diversificados					
OBXECTIVO: Combinar a vocación de alcance xeralista da oferta de programación coa atracción de segmentos da sociedade suficientemente representativos pero que se poidan encontrar menos identificados coa oferta de contidos existente					
METAS:		Estender o abano de público consumidor dos servizos da Corporación RTVG a segmentos de poboación que non son usuarios habituais			
Favorecer que a Corporación RTVG poña ao dispor de audiencias masivas contidos que máis alá do seu atractivo como produtos audiovisuais incorporen os valores de servizo público salientados nas súas referencias legais e de control da súa actividade. Consolidar unha actividade constante de renovación narrativa nos contidos do sector audiovisual galego a través dos medios públicos					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos

MEDIDA III.0.1.2: Incorporar formatos audiovisuais e fórmulas de programación que favorezan a participación do público dos medios e canles da Corporación RTVG nos contidos

OBXECTIVO: Estender o concepto de emisións lineais ao de servizo, permitindo que o público poida inter-actuar cos medios públicos galegos en diversas modalidades e gozar así dunha verdadeira experiencia de usuario

METAS:

Consolidar o alcance dos medios públicos galegos aos diferentes grupos de xénero, idade, procedencia xeográfica ou nivel socioeconómico

Promover que todas as posibilidades de inter-actividade xeren unha experiencia enriquecedora para os/as usuarios/as. Facilitar que todos os contidos novos sobre os que a Corporación RTVG ten dereitos universais de emisión poidan ser accesibles baixo demanda.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎	◎	◎	◎	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos

MEDIDA III .0.1.3: Diseñar e desenvolver actuacións, harmonizadas coas anteriores, de coñecemento e de resposta aos intereses, necesidades e pautas de consumo do público infantil

OBXECTIVO: Poñer en disposición da faixa de poboación de menor idade unha atractiva oferta de contidos en galego

METAS: Familiarizar o público de menor idade co consumo de produtos audiovisuais en galego fronte unha oferta maioritaria en castelá

Renovar os contidos para as canles tradicionais desenvolvendo ao mesmo tempo iniciativas no eido dixital, onde existe un grande consumo dos menores. Desenvolver accións para que o público infantil tamén se poida formar a través de determinados contidos da Corporación RTVG

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎		◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos

MEDIDA III.0.1.4: Progresar na renovación e innovación das formas narrativas ou da tipoloxía de contidos nas canles, nomeadamente no medio televisivo e potencialmente en plataformas OTT

OBXECTIVO: Optimización da oferta de contidos con fórmulas innovadoras que potencialmente aproveiten a coexistencia entre medios tradicionais e dixitais e que actualicen as tendencias de consumo audiovisual a ser posible atraendo novos públicos

METAS: Estender o abano de público consumidor dos servizos da Corporación RTVG a segmentos de poboación que non son usuarios habituais

Incrementar os procesos de integración multimedia da oferta de contidos e servizos da Corporación. Consolidar unha actividade constante de renovación narrativa nos contidos do sector audiovisual galego a través dos medios públicos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●		◎	◎		

● Área responsable ◎ Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos

MEDIDA III.0.1.5: Promover a produción audiovisual da Corporación RTVG en mercados alternativos copaxinada coa busca nos mesmos de novos produtos susceptibles de adquisición ou adaptación

OBXECTIVO: Optimización da oferta de contidos con fórmulas innovadoras que potencialmente aproveiten a coexistencia entre medios tradicionais e dixitais e que actualicen as tendencias de consumo audiovisual a ser posible atraendo novos públicos

METAS:

Fortalecer e ampliar posibles alianzas estratéxicas con outros medios, principalmente doutras CCAA e de Portugal, Europa e América Latina

Desenvolver proxectos de coprodución, compra, venda e intercambio de produtos audiovisuais neses ámbitos xeográficos. Axudar ao asentamento do sector audiovisual galego en mercados externos dotados de conexións socioculturais con Galicia

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		●	●		

● Área responsable ● Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.2: Ocupación do espazo virtual dos medios da Corporación RTVG nos diferentes soportes e plataformas de implantación global

MEDIDA III.0.2.1: Intensificar a visión estratéxica de 360° da Corporación RTVG para favorecer as sinerxias produtivas e que os contidos estean dispoñibles nas canles convencionais e dixitais

OBXECTIVO: Mellorar a presenza dos contidos da Corporación RTVG nos diferentes medios de difusión aproveitando a combinación de todos os seus recursos 360°

METAS: Potenciar as sinerxías coa TVG, a RG e coas produtoras audiovisuais que fornecen contidos á Corporación

Promover o acceso do público aos contidos baixo os seus criterios persoais e nos soportes que lles resulten máis amigables. Combinar a diversidade de canles para acadar unha xestión máis eficiente dos recursos financeiros, técnicos e humanos dispoñibles.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		🎯	●		🎯

● Área responsable 🎯 Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.2: Ocupación do espazo virtual dos medios da Corporación RTVG nos diferentes soportes e plataformas de implantación global

MEDIDA III.0.2.2: Potenciar os sistemas de escoita activa do público para mellor coñecemento das súas preferencias e a capacidade de resposta, así como para a potencial incorporación de elementos desta conversa social na oferta de contidos

OBXECTIVO: Aplicar unha escoita activa da sociedade galega a través de todos os medios posibles, que facilite información de calidade para a toma de decisións e para incorporar elementos dinamizadores dos contidos existentes

METAS: Desenvolver un seguimento constante da evolución dos gustos e reaccións do público a través dae canles de comunicación directa

Monitorizar as tendencias do consumo audiovisual a través do sistema de medición por audiometría. Promoción da colaboración con institucións como as universidades galegas que axuden a captar o sentir da sociedade galega coa colaboración cos seus membros.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
			●		◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

III. ÁREA DE CONTIDOS

DIMENSIÓN III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS

LIÑA III.0.2: Ocupación do espazo virtual dos medios da Corporación RTVG nos diferentes soportes e plataformas de implantación global

MEDIDA III.0.2.3: Desenvolver unha procura activa de canles, plataformas ou redes para que os contidos da Corporación RTVG se espallen na maior medida posible a nivel mundial

OBXECTIVO: Que os contidos da Corporación RTVG na súa mellor versión de calidade de sinal sexan accesibles e fáciles de atopar nas plataformas converxentes ou en redes de comunicación globais

METAS: Dar á sociedade unha variada oferta de contidos en galego só dispoñibles pola existencia e o labor da Corporación RTVG

Favorecer que os grandes operadores ofrezan en Galicia, España e no mundo as canles da TVG nas mellores condicións posibles dentro dos ámbitos xeográficos correspondentes aos dereitos de emisión dispoñibles. Contribuir á manter visible a identidade e cultura de Galicia nun mundo con presenza crecente de grandes operadores globais

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●			◎		◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I.4. Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS					
DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA					
LIÑA IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas					
MEDIDA IV.1.1.1: Executar un programa de renovación de dispositivos tecnolóxicos asociados á produción e a emisión de contidos					
OBXECTIVO: Dispoñer de sistemas que proporcionen fiabilidade e dispoñibilidade ás operacións					
METAS:		Renovación dos servidores de produción dos estudos de control da TVG	Renovación das librerías dixitais dos estudos de control da TVG		
<p>A Corporación continuará as próximas anualidades coa renovación dos equipamentos tecnolóxicos imprescindibles para garantir a produción e a emisión, coma os estudos de control da TVG.</p> <p>Acompasados coas prioridades estratéxicas e dispoñibilidade orzamentaria, continuarase executando un plan de renovación tecnolóxica que no 2021 xa desenvolveu proxectos coma a instalación dunha nova matriz de control central para a TVG, a renovación das mesas de mesturas de vídeo dos estudos de control de TVG e así mesmo das mesas de mesturas de son dos estudos 1, 2 e 5, ampliando a súa capacidade e mellorando a súa operatividade, estendendo a vida operativa das existentes mesas de son.</p> <ul style="list-style-type: none"> Nesta mesma contorna de actualización de estudos, renovaranse os servidores de produción, que realizan as funcións habituais de gravación, repetición e lanzamento de vídeos na realización de programas. Este equipamento é altamente crítico para o traballo diario dos estudos da TVG. Levarase tamén a cabo o proxecto de actualización das librerías dixitais dos estudos, dispositivos básicos na realización e xestión de grafismos diaria dos programas informativos. 					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
				●	

● Área responsable ○ Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA

LIÑA IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas

MEDIDA IV.1.1.2: Crear un novo estudio radio-vídeo para a RG con Intelixencia Artificial

OBXECTIVO: Modernizar as instalacións da RG acorde ás tendencias do mercado audiovisual

METAS:

Acometer o deseño e a obra dun novo locutorio

Executar a instalación dun control de radio con realización de vídeo automatizada mediante intelixencia artificial

A Corporación, na súa liña de implantar novas tecnoloxías e distribuír novos produtos, instalará na sede da RG un novo estudio con cámaras e realización automática (Visual Radio).

A adaptación dos estudos da RG aos novos formatos do mundo audiovisual deu comezo no 2020 co deseño e implantación dun novo estudio de radio con autocontrol, onde locutorio e control se fusionan nun único espazo de operación. Desta vez, o novo estudio que se vai crear permitirá a emisión en directo tanto do son como das imaxes de vídeo do que acontece no locutorio da meirande parte da programación da RG.

O proxecto consta dunha total renovación do espazo, incluíndo a provisión de novo mobiliario, pantallas, cámaras, iluminación, etc.

Así mesmo, instalarase no control o equipamento co software de automatización necesario para implantar a radio visual. Nun sistema destas características, o movemento das cámaras ten lugar en función da dirección de procedencia do son, mediante intelixencia artificial.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		◎		●	

● Área responsable ◎ Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA

LIÑA IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas

MEDIDA IV.1.1.3: Actualizar as infraestruturas TIC

OBXECTIVO: Proveer sistemas e servizos informáticos eficientes, eficaces e de calidade

METAS:	Aumentar a fiabilidade das infraestruturas TIC críticas (almacenamento, redes, etc.) e reforzar a ciberseguridade	Desenvolver e implantar novas aplicacións de xestión para distintos Departamentos
---------------	---	---

Nas pasadas anualidades iniciouse o desenvolvemento e a implantación de diversas aplicacións de xestión da Corporación, en diversos departamentos como RR. HH. ou Medios (PlanHor, Xesdicon).




Por outra banda, as canles dixitais son o obxectivo central da emisión, polo que é imprescindible manter actualizadas as infraestruturas TIC que lles dan soporte, coa celeridade que os actuais cambios tecnolóxicos están a requirir.


No 2021 a capacidade de almacenamento foi ampliada para gardar adecuadamente e con fiabilidade tanto os ficheiros corporativos coma o soporte para determinadas plataformas (coma a plataforma de servidores virtuais), así coma o dos servizos propios de Internet, como é a publicación da media xerada na plataforma de produción.

Outro dos obxectivos é mellorar de xeito continuo as infraestruturas das comunicacións, como é o caso dos circuitos de conexión de rede (tanto de datos coma de vídeo) coas delegacións da Corporación en Galicia; e así mesmo os circuitos de comunicación das cámaras web de vistas distribuídas polas poboacións de Galicia, ambas infraestruturas TIC dependentes da Amtega, que no 2021 cambiaron de adxudicatario e supuxo a actualización das infraestruturas.

A mellora continua da ciberseguridade implica necesariamente a protección das infraestruturas TIC, e é clave a medida que se incrementan as tecnoloxías baseadas na rede. Por esta razón renovárase a estrutura de dispositivos de seguridade -cortalumes- da rede corporativa, que permiten filtrar o tráfico de entrada/saída de información existente entre a rede interna e as externas á Corporación. udios, dispositivos básicos na realización e xestión de grafismos diaria dos programas informativos.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					

 Área responsable  Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA

LIÑA IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas

MEDIDA IV.1.1.4: Fornecer o soporte técnico e evolutivo das canles dixitais

OBXECTIVO: Mellorar a experiencia do público usuario do portal da rede e incrementar a produción de contidos dixitais

METAS:

Adequar as infraestruturas e aplicacións TIC suficientes que dean o soporte adecuado as necesidades do portal na Rede e a OTT

No ano 2021 iniciouse a modernización da infraestrutura e aplicacións que dan soporte a procesos estratéxicos coma é o caso do portal na Rede. Con este obxecto, creouse unha nova plataforma específica para os servizos informativos, g24.gal. A nova plataforma permite mellorar a experiencia do usuario e incrementar a produción de contidos dixitais da Corporación. Era preciso reducir tempos de carga e entrega de contido multimedia, así coma dispoñer dun ancho de banda fiable. A estratexia plurianual de renovación do portal da Rede pasa por:

- O desenvolvemento e implantación dun novo sistema de xestión de contidos (CMS) para crear o novo portal de noticias g24.gal. (xa realizado)
- A renovación do clúster de base de datos. (xa realizado)
- A mellora da memoria caché. (xa realizado)
- A implantación de sistemas de codificación en directo do sinal de televisión, evitando procesos de recodificación.
- A renovación do sistema de rede de distribución de contidos (CDN), incluíndo non só as prestacións relativas ao videostreaming se non tamén ás prestacións relativas á web.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
				●	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA

LIÑA IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas

MEDIDA IV.1.1.5: Renovar e actualizar as instalacións

OBXECTIVO: Mellorar a eficiencia enerxética e custos de explotación das instalacións

METAS:

Mellorar os sistemas de climatización de áreas críticas para a produción da Corporación, como as salas técnicas onde se localizan os armarios técnicos de equipos de produción e emisión.

As infraestruturas eléctricas e de climatización dos espazos das instalacións da Corporación RTVG se están a renovar e mellorar, nunha liña de continuidade comezada no período anterior.

O correcto funcionamento destas instalacións non só debe garantir o funcionamento dos sistemas críticos para a provisión do servizo público encomendado á Corporación, senón que tamén é esencial optimizar o seu rendemento enerxético e reducir os custos de explotación.

Determinaranse accións para a renovación das climatizacións que dan cobertura a zonas críticas, como a área de armarios de equipamento electrónico da zona de produción e emisión dos estudos de Continuidade, Control central, Estudos 1 e 2, para continuar cos controis e estudos da RG.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
				●	

● Área responsable ● Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.1: TÉCNICA

LIÑA IV.1.2: Participación no despregue de novas tecnoloxías

MEDIDA IV.1.2.0: Explorar a tecnoloxía 5G

OBXECTIVO: Impulsar dende a Corporación RTVG o desenvolvemento das últimas tecnoloxías, nomeadamente o 5G

METAS: Desenvolvemento dunha produción deportiva remota e automatizada mediante o uso da Intelixencia Artificial, a nube e rede 5G

A Corporación RTVG, en liña co seu propósito de innovación constante, particularizando na contorna técnica, deberá colaborar con outras empresas tecnolóxicas, creando alianzas tecnolóxicas estratéxicas, para impulsar o desenvolvemento das últimas tecnoloxías aplicadas á difusión audiovisual como é o caso do 5G.

O uso das redes 5G para a produción televisiva vai permitir no futuro retransmitir un programa audiovisual en remoto e en tempo real coa maior calidade, estabilidade, así coma con baixos retardos.

Ademais, a banda larga móbil de alta velocidade da tecnoloxía 5G permitirá facer retransmisións audiovisuais vía 'smartphone' con fiabilidade e incrementar o consumo de vídeos dixitais.

En xeral, promover o uso de medios que traballen con redes de telecomunicación de telefonía móbil para a emisión de directos audiovisuais informativos, en lugar doutras tecnoloxías como a satélite ou de unidades móbiles de realización, máis custosas e menos áxiles, provee ás producións informativas da Coporación de inmediatez, maior flexibilidade (mobi-lidade) e unha redución de custes, o que permite concentrar os esforzos en procesos clave, como é a creación do contido. Ademais, a colaboración con terceiros deberá permitir o acceso da produción da Corporación RTVG aos novos avances tecnolóxicos dun xeito áxil, a medida que teñan lugar.

Actualmente a tecnoloxía 5G, que chegou ao mercado no 2018, atópase en desenvolvemento e continúa a expandirse internacionalmente. En outubro do 2020 finalizou a execución do Segundo Dividendo Dixital, polo que se liberou no espectro radioeléctrico a banda de frecuencias de 700 MHz (utilizada ata entón polos radiodifusores, como a Corporación RTVG) para o seu uso polas redes de telecomunicación móbil 5G. A implantación regular do 5G nas industrias está prevista no ano 2025 segundo o plan de acción español e europeo. Nesa data, a maioría das zonas metropolitanas importantes terán cobertura 5G, o que permitirá que as industrias fagan uso dela para a súa produción.

A Corporación vén participando en dous proxectos de desenvolvemento e aplicación do 5G no eido do broadcast, con senllos socios tecnolóxicos. O primeiro deles, posto en execución no 2021, consistiu no desenvolvemento da configuración de sistemas necesaria para levar a cabo unha retransmisión real mediante 5G cunha cámara ENG, que tivo lugar o 23 de xullo. O obxectivo do segundo proxecto que se está a desenvolver consiste na realización remota e automatizada dun evento deportivo con cámaras autónomas que efectúan un seguemento automático da acción mediante Intelixencia Artificial e conectadas á rede móbil 5G, con posibilidade de realización na nube.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
		●		●	●

● Área responsable ● Área atinxida

IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS

DIMENSIÓN IV.2: OPERATIVA

LIÑA IV.2.0: Revisión dos fluxos de traballo que involucran á Subdirección —de Departamento— de Medios

MEDIDA IV.2.0.0: Desenvolver novas operativas e axustar as existentes cara á construción de novas canles de difusión

OBXECTIVO: Incrementar a produtividade, a eficiencia e a calidade técnica dos resultados

METAS:	Estandarizar as tarefas na Subdirección de Departamento de Medios	Identificar áreas de mellora a partir dos datos extraídos da análise operativa diaria da emisión dos informativos
---------------	---	---

Os procesos operativos que constitúen a produción de contidos da Corporación deben adaptarse á produción de contidos para canles dixitais, entendidas estratexicamente como obxecto central da emisión. Estes fluxos implican a máis dunha instancia produtiva, entre as cales, de xeito transversal, sitúase a Subdirección —de Departamento— de Medios e todos as unidades do Servizos que a integran.

Así mesmo, é preciso para acadar ese obxectivo continuar identificando áreas de mellora nos fluxos actuais para as canles convencionais de televisión TDT e radio, promovendo sinerxías de xeito integral cos novos fluxos de canles dixitais. Nesta liña, normalízase o uso dunha aplicación informática posta en marcha no 2021 que permite extraer os datos e estatísticas necesarios da operación diaria da emisión de Informativos, para poder analízalos adecuadamente e decidir as accións de mellora oportunas nos fluxos operativos. O obxectivo é reforzar a calidade técnica da emisión.

A transformación do mapa de procesos deberá ir acompañada dunha optimización do uso das ferramentas tecnolóxicas actualmente existentes na produción, orientando os equipos cara a un mellor aproveitamento e uso das mesmas, sacando o máximo partido das novas posibilidades que ofrecen.

Como consecuencia, incrementarase a eficiencia dos procesos, aportarase valor aos mesmos, obterase un maior rendemento dos recursos técnicos, e reduciranse os custes de operación.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎		●	●	●	◎

● Área responsable ◎ Área atinxida

I.5. Área de Innovación e Negocio

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO					
DIMENSIÓN V.0: SERVICIO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN					
LIÑA V.0.1: Posicionamento estratéxico dentro da re-estruturación do mercado comercial audiovisual nacional					
MEDIDA V.0.1.1: Mellorar a comercialización publicitaria en canles dixitais					
OBXECTIVO: Incorporar as canles dixitais (web, Apps, e redes sociais) ao catálogo de comercialización da Corporación RTVG					
METAS:	Crear un plan estratéxico de comercialización dixital	Mellorar os ingresos xerados pola publicidade nacional xestionada por FORTA	Mellorar o catálogo publicitario e os ingresos para a publicidade galega		
<p>No mes de febreiro do ano 2021 publicouse o concurso para a licitación da comercialización das canles de Corporación RTVG. Nese concurso, incorporouse de xeito activo a comercialización en canles dixitais, que xunto coa participación directa no proxecto de comercialización de canles dixitais de FORTA (denominado "Newix Digital"), inician un proceso de mellora da venda dos espazos publicitarios de todas as canles da Corporación.</p> <p>Este proxecto baséase no mellor coñecemento da audiencia das canles dixitais (xestionadas a través dunha plataforma de Big Data) para a mellora do catálogo actual e na xestión máis activa que se vai facer a través do exclusivista para o mercado galego e de FORTA.</p>					
ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO					
Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					●

● Área responsable ● Área atinxida

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO

DIMENSIÓN V.0: SERVIZO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN

LIÑA V.0.1: Posicionamento estratéxico dentro da re-estruturación do mercado comercial audiovisual nacional

MEDIDA V.0.1.2: Definir e executar unha estratexia comercial baseada na configuración de paquetes, mellora do catálogo e mellora na xestión publicitaria

OBXECTIVO: Consolidar o modelo establecido no ano 2020 e incorporar as canles dixitais (publicidade nativa e programática)

METAS: Captación de máis recursos comerciais

A creación, durante o ano 2020, da estratexia de FORTA denominada “Newix Media” permitiu reducir de xeito sensible a caída de ingresos publicitarios que se viña lastrando nos últimos anos. A pesar das características singulares do ano 2020 a causa da Covid-19, a Corporación RTVG logrou facturar un 3,87% máis que no ano 2019 fronte a unha caída do mercado estimada nun -18,4% para a televisión e do -22,9% para a radio.

Estes datos lograronse, fundamentalmente, grazas á estratexia establecida de configuración de paquetes, mellora do catálogo e mellora na xestión publicitaria establecida no ano 2020.

Por esa razón, durante os vindeiros tres anos vaise afondar nestes mecanismos de mellora, con especial atención ás accións especiais en televisión, aos concursos na radio e á comercialización nas canles dixitais, tanto na opción de publicidade nativa como de publicidade programática.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					●

● Área responsable ○ Área atinxida

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO

DIMENSIÓN V.0: SERVICIO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN

LIÑA V.0.2: Ampliación do servizo público mediante o perfeccionamento do sistema de medición de impactos

MEDIDA V.0.2.0: Diseñar un sistema integral de seguimento e medición normalizada do alcance, impacto e recoñecemento social da actividade da Corporación, integrando xuntamente cos indicadores tradicionais de audiencia de medios outros que dean conta da valoración, grao de notoriedade e credibilidade que a sociedade lle outorga

OBXECTIVO: Consolidación da plataforma de Big Data contratada no ano 2021

METAS:	Definición e xeración de informes de valor para a toma de decisións a partir da xestión de datos de audiencia	Establecemento de paneis de información dinámica (“Dashboards”) para os diferentes postos de responsabilidade	Incorporación de novas métricas á plataforma de Big Data
--------	---	---	--

En xaneiro do 2021 formalizouse a contratación da plataforma Big Data prevista na planificación do ano 2020. Esta plataforma vai permitir a conexión das diferentes métricas que xera a experiencia de cada persoa usuaria nas canles dixitais da Corporación RTVG e enriquecelas coa data xerada pola audimetría tradicional de televisión e radio.

Nos vindeiros tres anos, esta plataforma deberá ir incorporando todas as novas métricas que se marquen a partir da incorporación de novas canles dixitais, e establecerase un modelo dinámico de reporte de información para cada unha das estruturas directivas (informativos, contidos, soporte técnico, comercial, ...).

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
					●

● Área responsable ● Área atinxida

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO

DIMENSIÓN V.0: SERVIZO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN

LIÑA V.0.3: Desenvolvemento do software e administrativo das novas plataformas e ferramentas de consumo audiovisual

MEDIDA V.0.3.1: Dotar aos medios públicos dun novo soporte dixital de última xeración desde onde crear na contorna

OBXECTIVO: Adaptar as canles de emisión dixitais ás experiencias de consumo da audiencia

METAS:	Crear unha plataforma para a emisión de contidos informativos	Crear unha plataforma para a emisión de contidos de entretemento	Mellorar a difusión de contidos da Corporación RTVG a través das redes sociais
--------	---	--	--

No ano 2020 estableceuse unha nova planificación para adaptar, dun xeito máis eficiente, os mecanismos de emisión da Corporación RTVG ás experiencias de consumo dos usuarios, especialmente as dos consumidores de canles dixitais en calquera dos dispositivos existentes (web, móbil, altofalantes intelixentes, Smart Tv, ...).

Neste sentido, creouse un modelo adaptado ás experiencias de consumo de informativos, baseados no emprego de plataformas de consumo continuo (liñas de tempo, directos, retransmisións minuto a minuto, aporte audiovisual e gráfico de actualidade, ...) que estará operativo no primeiro semestre de 2022.

En paralelo, estase deseñando unha plataforma destinada ao consumo de produtos baixo demanda, destinada fundamentalmente ao consumo de contidos formativos e de entretemento. Neste caso, a experiencias basearase nos estándares do consumo de VOD (Video baixo demanda) e permitirá mellorar sensiblemente a experiencia de usuario en canto á posibilidade de xerar os seus propios modelos de playlist e interacción.

En último lugar, e tamén de xeito paralelo, estableceranse novos procesos de emisión de contidos de audio, que inclúen tanto ás redes sociais coma aos baseados na automatización de procesos e incorporación das novidades máis salientables en tecnoloxías xa consolidadas, coma o PodCast. Ao longo do vindeiro trienio preténdese consolidar cada unha das plataformas e adaptar as rutinas de produción aos novos modelos, co obxectivo de adaptar o servizo público da Corporación RTVG ás novas demandas da sociedade galega.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
◎				◎	●

● Área responsable ◎ Área atinxida

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO

DIMENSIÓN V.0: SERVIZO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN

LIÑA V.0.3: Desenvolvemento do software e administrativo das novas plataformas e ferramentas de consumo audiovisual

MEDIDA V.0.3.2: Participar en proxectos de alto valor de innovación

OBXECTIVO: Consolidar o papel da Corporación RTVG como elemento tractor nas iniciativas de innovación no sector audiovisual e TIC

METAS:			
	Ser unha das empresas tractoras de referencia no sector TIC e AV	Incorporar as mellores innovacións tecnolóxicas aos procesos de produción da Corporación RTVG	Participar nas iniciativas máis innovadoras que se establezan en Galicia a partir da metodoloxía da Compra Pública de Innovación, Asociación estratéxica para a Innovación e escoita activa

No ano 2021, acorde cos prazos previstos, comezará a operar a plataforma interactiva avanzada de formación para o público infantil e xuvenil denominada Pestisgo!, construída a través dun convenio entre a AMTEGA e a Corporación. Esta plataforma permitirá crear experiencias audiovisuais complexas (Realidade Virtual, Aumentada, Mixta, sensónica, ...) co primeiro obxectivo de converterse nunha ferramenta que permita mellorar as experiencias formativas non regradas dos nenos e adolescentes.

A partir desta iniciativa, a Corporación RTVG pretende nos vindeiros tres anos participar en todos os proxectos de innovación de interese para o sector audiovisual e TIC que se celebren en Galicia. Neste sentido, a Corporación xa participa nas experiencias de proxectos piloto do 5G (un proxecto de Telefónica e outro de Orange) e nos diferentes proxectos de construción de estruturas e Big Data para o sector (xunto co Cluster Audiovisual). Establecerase pois, un plan de actuación para poder estar presente en todo este tipo de iniciativas de alto interese para a Corporación RTVG e para o sector en xeral.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●	◎			◎	●

● Área responsable ◎ Área atinxida

V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO

DIMENSIÓN V.0: SERVIZO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN

LIÑA V.0.4: Revisión e eventual re-definición da cobertura e a difusión das canles da Corporación RTVG

MEDIDA V.0.4.0: Mellorar a comercialización do sinal da Corporación RTVG no ámbito dixital

OBXECTIVO: Consolidar e mellorar a presenza do sinal da Corporación RTVG nas plataformas dixitais de Galicia, España, Europa e América

METAS:	Aumentar a presenza da Corporación RTVG nas plataformas de IPTV que operan en Galicia	Consolidar e mellorar a presenza da Corporación RTVG en operadores de cable/satélite internacionais	Mellorar a presenza da Corporación RTVG en plataformas OTT nacionais e internacionais
--------	---	---	---

A mellora da xestión da distribución do sinal en países europeos e americanos foi unha das principais preocupacións da Corporación ao longo do ano 2020. Nos vindeiros tres anos, preténdese seguir avanzando nesta mellora da xestión (aumentar o número de axentes de comercialización e consolidar a relación cos operadores locais de cable e satélite), e atender as crecentes demandas de prestación de servizo a operadores de IPTV que xa teñen a Galicia coma o seu ámbito de actuación.

No último ano creáronse varias plataformas que dan cobertura de internet a diversos núcleos de poboación, fundamentalmente rurais, e que solicitan á Corporación incluír as canles televisivas dentro da súa oferta.

Do mesmo xeito, son cada vez máis os operadores de OTT e IPTV nacionais que solicitan os sinais da Corporación RTVG, e mesmo existen proxectos de alto interese para a Corporación.

A previsión para os vindeiros anos é establecer un novo modelo de comercialización deste tipo de servizos, que garantan o cumprimento da actual e da futura lei do audiovisual español e se converta, ademais, nunha nova liña de negocio para os medios públicos de Galicia.

ASIGNACIÓN DE RESPONSABILIDADES NO IMPULSO E DESENVOLVEMENTO

Oficina do/a Director/a Xeral	Área de Xestión Corporativa	Área de Información e Documentación	Área de Contidos	Área de Soporte Tecnolóxico e Medios	Área de Innovación e Negocio
●			◎	◎	●

● Área responsable ◎ Área atinxida

II. RESUMO DE DIMENSIÓNS, LIÑAS E MEDIDAS POR ÁREAS FUNCIONAIS NA ESTRUTURA DA CORPORACIÓN

II.0. Na Oficina do/a Director/a Xeral

ÁREA	DIMENSIÓNS	LIÑAS	MEDIDAS
0. ÁREA DE DIRECCIÓN DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO	0.1: ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DO CAMBIO	0.1.1: Consolidación da produción de contidos informativos para canles dixitais tras a posta en servizo do novo CMS	0.1.1.1: Actualizar os procedementos existentes e deseñar novos fluxos de traballo integrándoas nas rutinas da redacción de informativos. 0.1.1.2: Formar un equipo de traballo interdisciplinar que xestione a operativa das canles dixitais
		0.1.2: Mellora da coordinación e eficiencia na execución dos proxectos inter-departamentais de transformación dixital da Corporación RTVG	0.1.1.0: Elaborar un Plan de Formación en metodoloxías áxiles para os responsables de proxectos.
		0.1.3: Reorganización interna da redacción de programas para dar resposta á futura OTT	0.1.3.0: Deseñar os novos fluxos de traballo, identificar e cubrir as necesidades para a operativa productiva da OTT
		0.1.4: Creación dun documento único que compile os distintos escenarios de “Breaking News” e coberturas urxentes que permitan garantir a continuidade do servizo	0.1.4.0: Revisar, actualizar, describir e testar o protocolo de “Breaking News” e as medidas que posibiliten as emisións en diversas situacións de crise.
		0.1.5: Implantación dun sistema de análise e valoración da eficiencia dos distintos medios de produción	0.1.5.0: Implementar ferramentas de análise e valoración para cada un dos departamentos implicados nos medios de produción
		0. ÁREA DE PROXECCIÓN SOCIAL	0.2: PROXECCIÓN INSTITUCIONAL E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA
0.2.2: Intensificación dos contidos relacionados coa lingua nos medios públicos	0.2.2.0: Crear e difundir contidos específicos relacionados coa lingua e a lexicografía		
0.2.3: Consolidación da presenza institucional dos medios públicos dentro e fóra de Galicia	0.2.3.0: Proxectar a imaxe da Corporación RTVG e o sector audiovisual galego a través dos medios públicos		
0.2.4: Fomento da accesibilidade en todas as Áreas e canles da Corporación	0.2.4.0: Facer evolucionar a estratexia de Responsabilidade Social Corporativa asociada á accesibilidade		

II.1. Na Área de Xestión Corporativa

ÁREA	DIMENSIÓN	LIÑAS	MEDIDAS
I. ÁREA DE XESTIÓN CORPORATIVA	I.1: ECONOMÍA E ADMINISTRACIÓN	I.1.1: Perfeccionamento e mellora da eficiencia na xestión	I.1.1.1: Mellorar o modelo de xestión sobre o que se articula a provisión do servizo público de comunicación audiovisual I.1.1.2: Manter a autonomía financeira da Corporación con base exclusiva nos recursos propios
		I.1.2: Perfeccionamento e mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financieira	I.1.2.1: Situar a combinación entre o factor humano e a tecnoloxía como chave dos sistemas de información económico-financieira
			I.1.2.2: Impulsar actuacións de xestión en orde á disposición de información de calidade, por precisión, fiabilidade, relevancia, carácter exhaustivo, capacidade de procesamento e alcance, con valor de materia prima para un coñecemento clave de orde orzamentario sobre o conxunto da organización, de xeito que permita prognósticos axeitados orientados ao cambio en anticipación estratéxica e, así, avanzar nunha xerencia orzamentaria con visión global de servizo público
			I.1.2.3: Mellorar as liñas de traballo na dirección de goberno, na rendición de contas e no exercicio da transparencia en base á mellora dos instrumentos e ferramentas de rexistro de información de natureza económico-financieira
	I.2: CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA	I.2.0: Perfeccionamento e consolidación da implantación da administración electrónica na Corporación	I.2.0.0: Perfeccionar progresivamente e consolidar a administración electrónica na xestión de procedementos de natureza económico-orzamentaria, administrativa e de contratación administrativa, promovendo o seu uso e avaliando os progresos en orde á súa implantación en termos de alcance
	I.3: PRESTACIÓN DE SOPORTE XURÍDICO	I.3.1: Avance da definición e preservación das garantías en orde á salvagarda da responsabilidade xurídica corporativa	I.3.1.0: Perfeccionar a detección de eventualidades de responsabilidade xurídica
		I.3.2: Contribución da perspectiva xurídica na prospectiva estratéxica da xestión dos recursos humanos	I.3.2.0: Apoiar a toma de decisións dende a perspectiva xurídica na prospectiva estratéxica da xestión dos recursos humanos
	I.4: XESTIÓN DAS PERSOAS E A ORGANIZACIÓN	I.4.1: Atribución dun carácter ordinario a unha xestión estratéxica dos recursos humanos da Corporación	I.4.1.0: Fixar como filosofía e parte da cultura corporativa, e así como base da xestión efectiva das persoas e a organización, os criterios de xestión do cadro
		I.4.2: Mellora da xestión dos recursos humanos en termos de rendemento operacional e estratéxico	I.4.2.1: Incrementar o rendemento dos recursos, ferramentas, instrumentos e procedementos dispoñibles dedicados á xestión do capital humano e da organización para optimizalos como soporte da xestión estratéxica e innovadora pretendida
			I.4.2.2: Fortalecer e reforzar a coherencia orgánica dos procesos de soporte á xestión de recursos humanos
		I.4.3: Desenvolvemento efectivo dunha xestión pro-activa do cadro e a organización en clave de anticipación estratéxica	I.4.3.1: Tomar o deseño do cadro da Corporación como oportunidade para a consolidación e estabilización do emprego
	I.4.3.2: Facilitar as achegas formativas precisas que, en clave de formación continua, dean soporte a un incremento directo da eficiencia produtiva do cadro, así como que resulten necesarias para a habilitación en novas competencias		

II.2. Na Área de Información e Documentación

ÁREA	DIMENSIÓN	LIÑAS	MEDIDAS
II. ÁREA DE INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN	II.0: INCREMENTO DA EFICIENCIA ORGANIZATIVA E OPERACIONAL	II.0.1: Acoplamento de sistemas, programas e espazos derivados da aplicación da dixitalización	II.0.1.0: Crear un programa de formación específico, coa incorporación do uso de novas técnicas narrativas á produción diaria de formatos informativos analóxicos e dixitais
		II.0.2: Avance na integración metodolóxica do marco teórico cos procesos técnicos e a análise de casuísticas derivadas para unha mellor compactación dos servizos	II.0.2.0: Exercer un ontról continuado dos procesos e das etapas dentro deles destinado ao constante perfeccionamento das distintas operacións derivadas da dixitalización
		II.0.3: Seguimento e revisión dos resultados das estratexias nos diferentes medios da Corporación	II.0.3.1: Seguimento da evolución da RG en termos de impactos para calibrar a viabilidade e penetración II.0.3.2: Re-definir a estratexia global da Corporación en canto marcas e medios dixitais II.0.3.3: Atender ao desenvolvemento de todos os servizos que aporte o novo sistema de transporte de sinal de radio a través de IP

II.3. Na Área de Contidos

ÁREA	DIMENSIÓN	LIÑAS	MEDIDAS
III. ÁREA DE CONTIDOS	III.0: ESTRATEXIA DE CONTIDOS	III.0.1: Extensión e actualización acompañada da estratexia de captación de contidos	III.0.1.1: Estender a estratexia de captación e xestión de contidos con valores de servizo público susceptibles de chegar a sectores amplos da sociedade ou a segmentos sociais diversificados III.0.1.2: Incorporación de formatos audiovisuais e fórmulas de programación que favorezan a participación do público da Corporación RTVG nos contidos III.0.1.3: Diseñar e desenvolver actuacións, harmonizadas coas anteriores, de coñecemento e de resposta aos intereses, necesidades e pautas de consumo do público infantil III.0.1.4: Progresar na renovación e innovación das formas narrativas ou da tipoloxía de contidos nas canles, nomeadamente no medio televisivo e potencialmente en plataformas OTT III.0.1.5: Promover a produción audiovisual da Corporación RTVG en mercados alternativos compaxinada coa busca nos mesmos de novos produtos susceptibles de adquisición ou adaptación
		III.0.1: Ocupación do espazo virtual dos medios da Corporación RTVG nos diferentes soportes e plataformas de implantación global	III.0.2.1: Intensificar a visión estratéxica de 360º da Corporación RTVG para favorecer as sinerxias produtivas e que os contidos estean dispoñibles nas canles convencionais e dixitais III.0.2.2: Potenciar os sistemas de escoita activa do público para mellor coñecemento das súas preferencias e a capacidade de resposta, así como para a potencial incorporación de elementos desta conversa social na oferta de contidos III.0.1.3: Desenvolver unha procura activa de canles, plataformas ou redes para que os contidos da Corporación RTVG se espallen na maior medida posible polo espazo mundo

II.4. Na Área de Soporte Tecnolóxico e Medios

ÁREA	DIMENSIÓN	LIÑAS	MEDIDAS
IV. ÁREA DE SOPORTE TECNOLÓXICO E MEDIOS	IV.1: TÉCNICA	IV.1.1: Actualización de equipos e infraestruturas	IV.1.1.1: Executar un programa de renovación de dispositivos tecnolóxicos asociados á produción e a emisión de contidos
			IV.1.1.2: Crear un novo estudio radio-vídeo para a RG con Intelixencia Artificial
			IV.1.1.3: Actualización de infraestruturas TIC
			IV.1.1.4: Fornecer o soporte técnico e evolutivo das canles dixitais
			IV.1.1.5: Renovar e actualizar as instalacións
		IV.1.2: Participar no despregue de novas tecnoloxías	IV.1.2.0: Explorar a tecnoloxía 5G
IV.2: OPERATIVA	IV.2.0: Revisión dos fluxos de traballo que involucran á Subdirección –de Departamento– de Medios	IV.2.0.0: Desenvolver novas operativas e axustar as existentes cara á construción de novas canles de difusión	

II.5. Na Área de Innovación e Negocio

ÁREA	DIMENSIÓN	LIÑAS	MEDIDAS
V. ÁREA DE INNOVACIÓN E NEGOCIO	V.0: SERVICIO PÚBLICO, CONCORRENCIA NO MERCADO E COMERCIALIZACIÓN	V.0.1: Posicionamento estratéxico dentro da re-estruturación do mercado comercial audiovisual nacional	V.0.1.1: Mellorar a comercialización publicitaria en canles dixitais V.0.1.2: Definir e executar unha estratexia comercial baseada na configuración de paquetes, mellora do catálogo e mellora na xestión publicitaria
		V.0.2: Ampliación do servizo público mediante o perfeccionamento do sistema de medición de impactos	V.0.2.0: Diseñar un sistema integral de seguimento e medición normalizada do alcance, impacto e recoñecemento social da actividade da Corporación, integrando xuntamente cos indicadores tradicionais de audiencia de medios outros que dean conta da valoración, grao de notoriedade e credibilidade que a sociedade lle outorga
		V.0.3: Desenvolvemento do software e administrativo das novas plataformas e ferramentas de consumo audiovisual	V.0.3.1: Dotar aos medios públicos dun novo soporte dixital de última xeración desde onde crear na contorna V.0.3.2: Participar en proxectos de alto valor de innovación
		V.0.4: Revisión e eventual re-definición da cobertura e a difusión das canles da Corporación RTVG	V.0.4.0: Mellorar a comercialización do sinal da Corporación RTVG no ámbito dixital



CTVG

**CORPORACIÓN
RADIO E TELEVISIÓN
DE GALICIA**